Sobre as razóns do Goberno galego para avalar os proxectos de creación dos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Monte Toural, nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia, a valoración que fai do seu impacto, así como a actuación que vai levar a cabo respecto da súa tramitación e do proxecto da liña de alta tensión asociada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 55837 (10/POC-008793)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Macías, Jackeline Elizabeth e 5 máis

Sobre os avances acadados nos últimos meses pola Consellería do Medio Rural en relación co sector do aceite de oliva galego e a súa planificación respecto da elaboración dunha indicación xeográfica protexida ou dunha denominación de orixe protexida para el

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 55844 (10/POC-008794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da declaración da Festa da Vendima de Leiro como festa de interese turístico de Galicia, así como os datos referidos á tramitación do expediente para ese fin

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 55850 (10/POC-008795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación organizativa advertida polo persoal técnico do equipo número 2 da área de menores do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na provincia de Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55853 (10/POC-008796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da demora do Instituto Galego de Vivenda e Solo no inicio da tramitación do borrador de regulamento urbanístico presentado polo Concello de Ponte Caldelas para a ordenación dos terreos comprendidos na central de transportes, no polígono industrial da Reigosa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55857 (10/POC-008797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia en relación coas demoras que se veñen producindo no pagamento pola empresa concesionaria dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55862 (10/POC-008798)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán e as súas previsións referidas á revisión da política de recursos humanos para mellorar a planificación das substitucións de persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 55865 (10/POC-008799)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para promover a visibilización das mulleres nos ámbitos cultural e artístico, as actuacións que está a impulsar para fomentar a súa participación en todas as fases do proceso cultural e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central da exixencia do cumprimento da Lei 3/2007, no que atinxe ao ámbito artístico

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55906 (10/POC-008800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego do contido do acordo asinado polo grupo Ferroatlántica SAU coa firma Ithaka Partners, S.L., para a venda das fábricas de Cee e Dumbría, xunto coas centrais hidroeléctricas do río Xallas, así como a súa opinión respecto da necesidade de autorización administrativa previa para o seu asinamento e o cumprimento íntegro das condicións establecidas na concesión

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 55914 (10/POC-008801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o estado das obras de construción do novo centro de saúde do concello do Saviñao, as razóns da súa paralización e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55928 (10/POC-008802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos á situación na que se atopa a implantación da coeducación nos centros de ensino públicos de Galicia e a valoración do Goberno galego ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55936 (10/POC-008804)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o número de camas pechadas a día 17 de setembro de 2019 no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, as razóns das agardas no servizo de urxencias e das situacións de colapso producidas no centro a mediados dese mes, así como os datos referidos á dotación de reforzos necesaria para ese servizo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55960 (10/POC-008805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis



Sobre os datos referidos á execución do convenio de colaboración asinado pola Axencia de Turismo de Galicia coa Catedral de Santiago de Compostela para a edición dun libro compilatorio sobre a Domus Iacobi

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55964 (10/POC-008806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 3 máis

Sobre o proceso de tramitación do proxecto de construción dunha depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras, no concello de Ribeira, e o seu impacto na área afectada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55965 (10/POC-008807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 3 máis

Sobre o posible impacto das obras de construción dunha depuradora de mariscos no porto de Castiñeiras, no concello de Ribeira, na área de afección das ruínas da antiga fábrica de salgado, e a existencia de autorización de Patrimonio Cultural para a execución do proxecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 55972 (10/POC-008808)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre a información da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda referida ao impacto das obras de acondicionamento dunha pista *bike park* levadas a cabo nas instalacións do Parque da Natureza do Lago Castiñeiras, en Cotorredondo (Pontevedra), e a dispoñibilidade polos seus promotores dos permisos necesarios para a súa execución, así como para a realización das diferentes probas de BTT

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55992 (10/POC-008809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da xestión da atención primaria no verán de 2019 na comarca do Salnés, así como a contratación na actualidade de todo o persoal facultativo de atención primaria e puntos de atención continuada necesario para dar servizo no sistema sanitario público

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 55998 (10/POC-008810)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación e inicio das obras de construción do Hospital Gran Montecelo, no concello de Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 55999 (10/POC-008811)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación das mulleres no medio rural, e as actuacións e medidas previstas ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 56005 (10/POC-008812)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre os datos referidos á aprobación polos concellos dos plans municipais de prevención de incendios forestais, a valoración que fai o Goberno galego do escrito remitido pola Fiscalía ao respecto e as súas previsións en relación coa posta á súa disposición das medidas necesarias para ese fin, así como a ampliación do convenio establecido coa Fegamp e Seaga para a limpeza das faixas de protección dos núcleos de poboación

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 56027 (10/POC-008814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co futuro da empresa Unitono en Ourense, co mantemento da súa actividade e dos postos de traballo, así como sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento dos acordos parlamentarios ao respecto e a valoración que fai da operación de compra da empresa por un fondo chinés

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56033 (10/POC-008815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos á elaboración, ao contido e ao desenvolvemento da nova macroenquisa en materia de violencia de xénero, a data prevista polo Goberno galego para a publicación dos seus resultados e os estudos que vai encargar ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 56039 (10/POC-008817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a mellora das rutas alternativas no Camiño de Santiago e as reclamacións ou denuncias recibidas ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56042 (10/POC-008818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a dispoñibilidade do Goberno galego dun censo actualizado do número de xabarís que hai en Galicia e, se é o caso, os datos ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 56082 (10/POC-008821)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a resposta remitida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a unha deputada en relación coa solicitude de información referida ao expediente da solicitude de creación dunha universidade privada impulsada por Afundación, de Abanca

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 56088 – 56144 (10/POC-008822)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as razóns da opacidade e falta de transparencia na tramitación do recoñecemento da Universidade Internacional da Empresa, universidade privada promovida por Abanca

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 56144.

- 56093 (10/POC-008823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co incremento dos prezos e coas dificultades da poboación para o acceso á vivenda, así como sobre as medidas que vai adoptar ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56101 (10/POC-008824)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación do sector da construción naval e da industria auxiliar na ría de Vigo, as xestións levadas a cabo para evitar a desaparición do estaleiro Vulcano e a consideración da posibilidade dunha intervención pública para garantir a continuidade do estaleiro e a subrogación do seu persoal

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56140 (10/POC-008825)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ao anunciado acordo do Goberno galego co Goberno arxentino para a construción de case a metade da súa frota nos estaleiros galegos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56147 (10/POC-008827)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa débeda económica do Estado con Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 56150 (10/POC-008828)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura de xeito estable da terceira praza de medicina xeral no Centro de Saúde da Pastoriza, a mellora da cobertura pediátrica no concello e a dotación do Punto de Atención Continuada de Meira cun equipo médico máis

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 56165 (10/POC-008830)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do establecemento dunha limitación de velocidade que garanta a seguridade dos peóns entre os puntos quilométricos 22 e 23 da estrada AC-552, no tramo comprendido entre A Telleira e O Cancelo do Medio, así como a execución das actuacións necesarias para o seu efectivo cumprimento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 55822 (10/POC-008789)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre a avaliación que fai a Dirección da CRTVG do informe elaborado polo persoal da Radio Galega en relación coas condicións laborais que están a padecer e as actuacións previstas ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 56010 (10/POC-008813)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre a información emitida pola CRTVG o día 2 de agosto de 2019 en relación co Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 56045 (10/POC-008819)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a reincorporación da anterior valedora, como participante, ao faladoiro do programa *Galicia por diante*, da Radio Galega

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 56050 (10/POC-008820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a valoración da Dirección da CRTVG referida á cobertura informativa dada pola corporación á morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista, a súa opinión respecto do cumprimento na actualidade polos medios de comunicación públicos das recomendacións do seu consello de administración e as medidas previstas ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG



- 56142 (10/POC-008826)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé

Sobre o tratamento informativo dado pola CRTVG á morte en Valga de tres mulleres vítimas da violencia machista

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Pancho Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do G.P. Mixto, e ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno.**

A Xunta de Galicia iniciou a tramitación co Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada. A “*Universidade Intercontinental da Empresa*” que impulsa ABANCA, agora en mans venezolanas, a través da súa afundación.

Esta Universidade privada con sede administrativa en Santiago, impartirá os estudos na Coruña e en Vigo, nos centros do IESIDE, o Instituto de Educación Superior Internacional de Empresa e podería funcionar no curso vindeiro 2020-21.

A universidade constitúese como “Fundación Universidade Intercontinental da Empresa” FUIE, sen ánimo de lucro, inda que contará cun sistema de bolsas e axudas propio, e para elo destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

O centro terá a súa sede administrativa en Santiago, aínda que impartirá os seus estudos na Coruña e Vigo. Prevé 4 graos, 4 mestrías e 2 doutorados, con expedición de titulacións de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, en modo presencial e semipresencial.

O IESIDE é un centro universitario privado sen fins de lucro está adscrito á Universidade de Vigo, e imparte os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e a mestría universitaria en Dirección e Administración de Empresas. Este convenio asinado no 2009 rompeuse a finais de xuño cando se comezou a falar a posibilidade de implantar unha universidade privada en Galicia, impulsada por Abanca.

Xa o ano pasado o reitor da universidade de Vigo mostraba a súa preocupación pola implantación dunha oferta paralela á do SUG, solicitando o cumprimento da lei e que non se implantasen os mesmos títulos, que a lei 6/2013 do SUG obriga a que o catálogo de novos títulos sexan complementarios, e non copias dos que xa existen. Non se sabe cales son os títulos, nin os prezos que se establecerán que serán a vía de financiamento da universidade.

E isto é o que parece en principio, posto que se prevé a implantación cando menos de titulacións de ámbito das ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura, inda que non se concretaron na actualidade. Este anteproxecto de lei entre outros elementos non contén memoria técnica nin económica, a maiores da oferta formativa.

Así, mentres o SUG esmorece por falta de financiamento, a Xunta prefire ofrecer ao conxunto da cidadanía galega, a través da universidade privada unha sorte de



titulacións financiadas polas entidades bancarias e apoiadas en institutos que medraron e conseguiron alumnado ao abeiro de adscricións ás Universidades do SUG e que empregaron cartos públicos nestas fins.

Non deixa de ser un contrasentido que mentres a Universidade Pública galega esmorece se creen Universidades Privadas, para engorde das empresas que se van nutrir delas, e para engorde da banca e dos seus intereses especulativos, inda que iso si, sen ánimo de lucro, aos que poder ofrecer créditos brandos para a realización das carreiras nestes centros coas promesas da obtención dun futuro traballo. Así, xa oferta o crédito para a realización de mestrías a un tipo de xuro variable do 3'50% TIN o primeiro ano e EURIBOR+ 3'75% nos anos restantes e a devolver en 5 anos.

O goberno de Feijoo leva anos cunha estratexia marcada de derivar estudantes cara ao ensino privado e fóra do SUG coa imposición de cláusulas de estabilidade, que impide que se incremente o alumnado, posto que o aumento nunha titulación implica a diminución noutras a estudantes cara o ensino privado e fóra das universidades públicas galegas impondo unha cláusula de estabilidade que impide que medren os alumnos no SUG (para incrementar prazas nunha titulación obriga a reducir noutras). Este tope obriga ao alumnado a buscar noutros lados, na universidade privada. A Xunta apoia con este proxecto de lei de creación da universidade privada en Galicia polas entidades financeiras mentres afoga a universidade pública con recortes.

Por todo o exposto, os deputados e deputada asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno

Sabe a Xunta cantos estudantes vai perder o SUG coa apertura da universidade privada?

Santiago de Compostela, 12-9-2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/09/2019 18:40:04

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2019 18:40:08

Francisco Casal Vidal na data 12/09/2019 18:40:16

Paula Vázquez Verao na data 12/09/2019 18:40:29



A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Limia é unha das comarcas agrogandeiras mais importantes de Galicia, tanto no sector agrícola como no gandeiro, sendo entre outras a base de provisión de Indicacións Xeográficas Protexidas tales como, Pataca de Galicia, Tenreira Galega, Pan de Cea ou Mel de Galicia. Situándose esta comarca ourensá como unha das principais zonas de Galicia de produción cárnica, e de outros derivados e aproveitamentos dos animais.

Así, as explotacións gandeiras representan unha das fortalezas da comarca, e son un dos grandes piares da economía comarcal, e mesmo provincial, con varios centos de milleiros de cabezas de gando, das que o redor de 75.000 corresponden a unidades de gando maior.

Con esta importante produción animal, na Comarca da Limia tamén se esta xerando un gran volume de xurros e puríns derivados das dexeccións animais, que en gran medida veñen sendo aproveitados como eficaces abonos e fertilizantes a prezos competitivos, que se teñen amosado como un subproduto altamente beneficioso para a actividade agrícola.

Con todo, hai varios factores que están alterando este equilibrio establecido entre os propios agricultores e gandeiros que supoñen riscos para o medio ambiente, a saúde, e mesmo tamén para a imaxe dos produtos de calidade da Limia.

O Grupo Parlamentario Popular comparte cos agricultores e gandeiros da Limia, asociacións ecoloxistas, organizacións sindicais, ou coas plataformas cidadáns, e mesmo tamén cos partidos políticos, a preocupación existente nesta comarca ourensán pola xeración e xestión de xurros das explotacións gandeiras.

A Xunta de Galicia constituíu recentemente a Mesa da Limia, na busca de solucións para poder chegar a consensos entre todos os sectores interesados, e de cara establecer canles de diálogo e achegas que dean resposta e solucións a esta problemática; A Xunta de Galicia, para acadar o máximo grao de consenso posible



publicou ata o 15 do mes de setembro no portal de transparencia, unha consulta pública previa á elaboración e tramitación do anteproxecto de Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os obxectivos que persegue a Xunta de Galicia coa creación e posta en marcha da Mesa da Limia, órgano de participación creado para loitar contra a problemática dos residuos que orixina a actividade agrogandeira nesta comarca?.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 13/09/2019 10:15:15

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2019 10:15:31

Rosa Oubiña Solla na data 13/09/2019 10:15:50

Moisés Blanco Paradelo na data 13/09/2019 10:16:01

Jesús Miguel Prado Patiño na data 13/09/2019 10:16:16

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 13/09/2019 10:16:29

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2019 10:16:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López, Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O número de persoas afogadas na nosa comunidade sitúanos como a terceira na que máis persoas faleceron no 2018 con 49 persoas afogadas, segundo o Informe Nacional de Afogamentos da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo.

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, no que se establece un rexistro provisional e un definitivo (que finalizaba no ano 2017), no que as persoas que queiran traballar como socorristas teñen que estar inscritas na AGASP, que é onde reside o rexistro.

Á vista de que o número de socorristas minguaba, a Xunta aproba o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, mediante o cal se amplía o rexistro provisional ata 2021 e aos licenciados de INEF e os que tiveran finalizado TAFAD terían que facer un curso de 70 horas, máis 80 h de prácticas para espazos acuáticos e de 65 horas máis 80 h prácticas para instalacións acuáticas, podendo así inscribirse no rexistro definitivo.

Os concellos galegos teñen, ano tras ano, dificultades para a contratación de socorristas para as súas praias e/ou piscinas, aínda que o número de persoas inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia supera os 5.000. Problema que, ademais da falla de seguridade, impide a moitos destes concellos continuar coa bandeira azul.



A Federación Galega de Salvamento e Socorrismo Acuático alerta de que o número de persoas interesadas en realizar os cursos de capacitación diminúen ano tras ano, argumentando que as razóns son varias, por unha banda o custo do curso de capacitación, que para este ano é de 1.300 €, a duración do dito curso (4 meses durante os venres pola tarde e sábados e domingos mañá e tarde), a estacionalidade, así como a precariedade laboral destes profesionais.

Á vista destes datos as deputadas que asinan preguntan:

Ten pensado o Goberno galego convocar á Fegamp e a Federación Galega de Salvamento e Socorrismo Acuático para buscar solucións viables a este problema?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 15:30:20

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 15:30:40

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/09/2019 15:31:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 15:31:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Índice de Producción Industrial (IPI) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, excluída a construción, contidas na Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009). O IPI mide a evolución conxunta da cantidade e da calidade, eliminando a influencia dos prezos.

O INE acaba de publicar o Informe sobre o Índice de Producción Industrial correspondente a xullo de 2019, que arroxa un retroceso dun 0,1 % respecto do mesmo mes de 2018, mentres que para o conxunto do Estado rexistrouse un crecemento dun 2,9 %.

Neste exercicio os valores do índice de produción industrial foron negativos en todos os meses, por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 16:16:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:16:56



Á Mesa do Parlamento

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porrirt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Tense coñecemento de que o que fora alcalde do concello de Laza, D. Jose Ramón Barreal, unha vez que deixou o seu cargo electo, a consecuencia dos resultados electorais de maio de 2019, tomou posesión como director técnico do Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense, o cal xestiona os parques de Valdeorras, Xinzo, Verín e o Carballiño e no que participa a Xunta de Galicia en virtude da reunión do Consello da Xunta de data 27 de setembro de 2012, segundo o disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Entendemos que o dito alcalde non pasou ningún proceso selectivo de acceso á praza indicada e que este foi contratado de forma nominal, a pesares de que baseándose no establecido na lexislación o acceso a esta entidade con condición de entidade pública, local non territorial deberá producirse seguindo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por todo o exposto as deputadas que asinan preguntan:

Ten coñecemento o Goberno galego de como se procedeu á cobertura desta praza?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:38:35

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 16:38:47

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/09/2019 16:39:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

En Castiñeiras (Ribeira) unha empresa solicitou permiso para construír unha depuradora de marisco en terreos de Portos de Galiza e no ámbito de Costas do Estado, co suposto visto bo de Portos e Costas.

Hai certa inquedanza na veciñanza de Castiñeiras pola construción da depuradora de mariscos no porto, nomeadamente pola falta de información e pola preocupación pola realización desta obra no borde litoral.

Diante destes feitos, o BNG interesouse pola cuestión e indagou se a obra en cuestión, tiña a preceptiva licenza municipal malia que sexa unha concesión de Portos de Galiza. Diante do que parece unha irregularidade manifesta e da deixadez de Portos de Galiza ao non velar polo cumprimento da legalidade, permitindo que unha empresa poida comezar unha obra sen cumprir coa lexislación vixente, ao que se engade a preocupación veciñal pola construción da depuradora enriba do mar sen considerar a importancia de conservar o borde litoral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que a depuradora que se está construíndo en Castiñeiras enriba do mar está no lugar adecuado?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 11:29:19

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 11:29:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 11:29:30

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 11:29:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 11:29:44

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 11:29:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a falta de persoal facultativo no concello de Meis.

O Partido Popular ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso @s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

Esta situación de deterioro da Atención Primaria visibilizouse con toda virulencia ao longo desde verán, onde se produciu un forte rexeitamento á folla de ruta da xunta, a través de mobilizacións, manifestacións, declaracións públicas etc.

O Concello de Meis non e alleo a estes problemas, así vemos como as prazas dos médicos non son cubertas nas vacacións nin nas baixas, situación que se dá ao longo do tempo e que se acentúa nos meses de verán, así concretamente nestes días atopámonos no Concello de Meis que o Centro de Saúde do Mosteiro e no de Paradela non houbo médico durante días, o mesmo acontece en San Martiño que está sen médico debido ás vacacións do mesmo e cuxa praza non é cuberta durante este período.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo acontece coa praza de médico pediatra, a cal non se cubre nos períodos de vacacións, dándose o caso neste momento que por unha baixa da titular segue sen estar cuberta tras ese período de vacacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Coida que @s veciñ@s de Meis están recibindo unha atención sanitaria de calidade cando hai días que non hai ningún médico para atender á poboación?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 13:35:12

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 13:35:22

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 13:35:29

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 13:35:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 13:35:47

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 13:35:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a esclarecer as circunstancias do aprexamento dun arrastreiro “Río Mau” por parte de Irlanda.

O pasado luns día 11 de Setembro foi apresado novamente un pesqueiro galego. Nesta ocasión tocoulle ao arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo. Dito apresamento foi realizada polas autoridades irlandesas, permanecendo retido durante 4 días con toda a tripulación a bordo no porto de Casteltownbere (Irlanda).

O apresamento do “Río Mau” semella un proceder moi dubidoso, xa que neste caso as propias autoridades irlandesas admiten que houbo un erro á hora de estimar as capturas de rape e rapante a bordo.

O certo é que Irlanda ven de apresar por terceira vez un barco de capital galego no que vai dun ano para aquí. Son os casos do palangreiro de Burela “Virxen da Blanca”, ou máis recentemente o tamén palangreiro “Mestre Bobicha” con armador de Ribeira e pavillón portugués. Ao igual que no caso do “Río Mau”, as presuntas infraccións entendemos que non poden ser consideradas como algo grave, polo que resulta excesivamente rigoroso desviar a un barco a porto, rételo e impoñer sancións elevadísimas baixo a ameaza de que vai ser resolto a saber cando por un xurado popular,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nunha sociedade irlandesa na que aínda perduran prexuízos de antano contra á pesca galega.

Hai que lembrar que estas infraccións son sempre detectadas en “augas xurisdicionais da UE”, polo que Irlanda non ten un dereito exclusivo sobre elas.

Débese tamén sinalar que a flota galega leva realizado un gran esforzo social e económico para adecuarse aos recursos, e se hoxe o Gran Sol ten un bo estado de conservación débese en gran medida a este sacrificio do noso sector. Por iso non é de recibo este acoso ao noso sector pesqueiro.

É preciso que o Goberno español realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e tamén que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante do aprexamento por parte de Irlanda do arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:26:49

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:27:04

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:27:10

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:27:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:27:28

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:27:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Grupo Ferroatlántica SAU, filial ao 100 % de Ferroglobe plc acordou a venda do 100 % da sociedade Ferroatlántica SAU (FAT-Xallas) que contén as fábricas de Cee e de Dumbría xunto coas centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Polo que FAT-Xallas pasa a ser unha empresa independente do grupo Ferroatlántica, sendo a responsable das operacións das fábricas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, non supoñendo, polo tanto, ningún cambio en canto a dereitos e obrigas e, en particular, sobre o centro de traballo formado polas ditas fábricas e as centrais hidroeléctricas. A titularidade dos dereitos concesionarios levan aparelados unha serie de condicións incluídas nas correspondentes resolucións administrativas:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non se poderán segregarse de Ferroatlántica S.L, as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixaxes polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica S.L, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia sobre a venda da Sociedade Ferroatlántica SAU?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2019 17:28:22





María Dolores Toja Suárez na data 16/09/2019 17:28:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/09/2019 17:29:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/09/2019 17:29:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á rede natura.

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia.

Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO:

Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación amplíase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión bi xeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos.

Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:35:30

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:35:36

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:35:42

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:35:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:35:58

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:36:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á consistencia ou non dos novos anuncios publicitarios respecto da construción naval na excursión do Presidente Feijóo a Arxentina.

O pasado 19 de setembro de 2019 asistimos a un novo anuncio por parte do Presidente da Xunta de Galiza relacionado coa construción naval nunha excursión. Desta volta durante a expedición a Arxentina coincidindo no tempo, casualmente, coa preocupación no sector pesqueiro pola posíbel afectación das prospeccións petrolíferas arxentinas aos caladoiros que emprega o noso sector, coa preocupación pola situación do sector naval ao producírense despedimentos no sector auxiliar e coa inminente convocatoria de eleccións.

Segundo informa literalmente a nota de prensa da Xunta de Galiza o Presidente <<abordou hoxe co ministro de Agricultura, Ganadería y Pesca do Goberno arxentino, Luis Miguel Etchevehere, numerosos asuntos de interese para a viabilidade das empresas galegas e para a pesca de Galicia, entre os que destacou o acordo para que case a metade dos barcos que operan en augas arxentinas poidan construírse en estaleiros galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“No eido da renovación da frota, o ministro destacou que a previsión que teñen é a de construír barcos por un importe de 2.500 millóns de dólares, entendendo que a metade, aproximadamente, desa carteira de pedidos se poderán construír en estaleiros galegos”, dixo, confirmando ademais o acordo de rebaixa do 14% ao 7% dos aranceis para a construción de barcos de máis de 30 metros que se fagan fóra de Arxentina.>>

Vistos os precedentes das promesas de Pemex que resultaron xa non só incumpridas senón nunha operación que está sendo investigada por indicios de corrupción, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que é necesario ter máis información ao respecto e que sexa esclarecido.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé o goberno galego que cristalizarán as súas xenéricas promesas respecto da construción de “case a metade” da frota arxentina?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 13:22:24

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 13:22:35

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 13:22:40

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 13:22:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 13:22:55

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 13:23:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Durante os últimos meses puidemos constatar como a inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensualidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento no marco dun espectáculo alongado no tempo no que se evidenciou asemade a insuficiencia da nosa relación económica co Estado e a falta de seriedade e de unidade de criterios deste.

Máis aínda, puidemos constatar o fracaso da estratexia da Xunta de Galiza, pois non só non arrancou o compromiso necesario por parte do goberno central senón que desbotou, presuntamente, recorrer á vía xudicial malia ter encargado un informe xurídico. Neste contexto resultan difíciles de crer as súas afirmacións respecto da posibilidade de que no caso de incorrer en déficit se lle reclame a asunción ao goberno central.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai evitar a Xunta de Galiza as consecuencias negativas da inxusta relación económica de Galiza co Estado español?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 13:37:49

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 13:37:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 13:38:02

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 13:38:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 13:38:17

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 13:38:24



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A seguridade viaria, e nomeadamente a dos peóns, é un dos obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, que considera este colectivo dentro do que denomina usuarios vulnerables.

En concreto, formúlase como obxectivo reducir a siniestralidade viaria das persoas usuarias vulnerables, sendo responsable das medidas precisas para acadar este obxectivo a Axencia Galega de Infraestruturas.

Veciños e veciñas da Laracha queíxanse do exceso da velocidade nalgúns tramos do termo municipal, que afectan a distintas estradas. Pero un dos máis sinalados é o que se sitúa na estrada de titularidade autonómica AC-552, entre A Telleira – Cancelo do Medio (San Román-Cabo-Vilaño, concello da Laracha), entre o punto quilométrico 22 e 23 da AC-552.

Hai unha sinal (ao final da Avenida de Finisterre) que indica o fin de prohibición de ir a unha velocidade superior a 70 km/h e, rematada esta limitación, existe un tramo de máis dun quilómetro de lonxitude desta estrada sen ningún tipo de restrición, tramo densamente poboado a ambos lados da estrada cunha configuración cuasi-urbana.

Ata chegar ao lugar onde se atopa o Lar de Pacheco e ao cruce coa urbanización existente, non hai outra limitación; hai unha sinal que limita a velocidade a 70 km/h e que a día de hoxe non é respectada por ninguén, incluso se duplica a velocidade nos fines de semana.

Non debemos esquecer que o feito de cruzar a estrada é algo habitual e mesmo necesario para a veciñanza destes lugares e que hai persoas que presentan problemas de mobilidade o que incrementa o tempo necesario para realizar ese cruzamento.



Por outro lado, o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viario, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo establece no seu artigo 139 que corresponde ao titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viarias.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten intención de establecer unha limitación de velocidade no tramo sinalado que garanta a seguridade dos peóns, así como acometer as actuacións necesarias sobre a estrada de xeito que as limitacións se cumpran de xeito efectivo?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2019 17:47:55

María Luisa Pierres López na data 20/09/2019 17:48:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/09/2019 17:48:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Pancho Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do G.P. Mixto, e ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.**

A Xunta de Galicia iniciou a tramitación co Anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada. A “*Universidade Intercontinental da Empresa*” que impulsa ABANCA, agora en mans venezolanas, a través da súa afundación.

Esta Universidade privada con sede administrativa en Santiago, impartirá os estudos na Coruña e en Vigo, nos centros do IESIDE, o Instituto de Educación Superior Internacional de Empresa e podería funcionar no curso vindeiro 2020-21.

A universidade constitúese como “Fundación Universidade Intercontinental da Empresa” FUIE, sen ánimo de lucro, inda que contará cun sistema de bolsas e axudas propio, e para elo destinará o 15% dos ingresos totais obtidos anualmente.

O centro terá a súa sede administrativa en Santiago, aínda que impartirá os seus estudos na Coruña e Vigo. Prevé 4 graos, 4 mestrías e 2 doutorados, con expedición de titulacións de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, en modo presencial e semipresencial.

O IESIDE é un centro universitario privado sen fins de lucro está adscrito á Universidade de Vigo, e imparte os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e a mestría universitaria en Dirección e Administración de Empresas. Este convenio asinado no 2009 rompeuse a finais de xuño cando se comezou a falar a posibilidade de implantar unha universidade privada en Galicia, impulsada por Abanca.

Xa o ano pasado o reitor da universidade de Vigo mostraba a súa preocupación pola implantación dunha oferta paralela á do SUG, solicitando o cumprimento da lei e que non se implantasen os mesmos títulos, que a lei 6/2013 do SUG obriga a que o catálogo de novos títulos sexan complementarios, e non copias dos que xa existen. Non se sabe cales son os títulos, nin os prezos que se establecerán que serán a vía de financiamento da universidade.

E isto é o que parece en principio, posto que se prevé a implantación cando menos de titulacións de ámbito das ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura, inda que non se concretaron na actualidade. Este anteproxecto de lei entre outros elementos non contén memoria técnica nin económica, a maiores da oferta formativa.

Así, mentres o SUG esmorece por falta de financiamento, a Xunta prefire ofrecer ao conxunto da cidadanía galega, a través da universidade privada unha sorte de



titulacións financiadas polas entidades bancarias e apoiadas en institutos que medraron e conseguiron alumnado ao abeiro de adscricións ás Universidades do SUG e que empregaron cartos públicos nestas fins.

Non deixa de ser un contrasentido que mentres a Universidade Pública galega esmorece se creen Universidades Privadas, para engorde das empresas que se van nutrir delas, e para engorde da banca e dos seus intereses especulativos, inda que iso si, sen ánimo de lucro, aos que poder ofrecer créditos brandos para a realización das carreiras nestes centros coas promesas da obtención dun futuro traballo. Así, xa oferta o crédito para a realización de mestrías a un tipo de xuro variable do 3'50% TIN o primeiro ano e EURIBOR+ 3'75% nos anos restantes e a devolver en 5 anos.

O goberno de Feijoo leva anos cunha estratexia marcada de derivar estudantes cara ao ensino privado e fóra do SUG coa imposición de cláusulas de estabilidade, que impide que se incremente o alumnado, posto que o aumento nunha titulación implica a diminución noutras a estudantes cara o ensino privado e fóra das universidades públicas galegas impondo unha cláusula de estabilidade que impide que medren os alumnos no SUG (para incrementar prazas nunha titulación obriga a reducir noutras). Este tope obriga ao alumnado a buscar noutros lados, na universidade privada. A Xunta apoia con este proxecto de lei de creación da universidade privada en Galicia polas entidades financeiras mentres afoga a universidade pública con recortes.

Por todo o exposto, os deputados e deputada asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª

- 1.- Por que permite a Xunta a creación e apertura da universidade privada en Galicia?
- 2.- Coñece a Xunta o impacto económico que vai ter esta apertura para o SUG?
- 3.- Que medidas vai tomar a Xunta para avaliar que se cumpra a lei 6/2013?
- 4.- Que cantidades ten investido a Xunta no conxunto das tres universidades galegas?
- 5.- Que medidas de evolución e ampliación das titulacións existentes, así como dos modos de estudo estudou a Xunta en colaboración cos reitores das universidades?

Santiago de Compostela, 12-9-2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Verao na data 12/09/2019 18:29:22

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2019 18:29:26

Francisco Casal Vidal na data 12/09/2019 18:29:33

Luis Villares Naveira na data 12/09/2019 18:29:42



A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A Limia é unha das comarcas agrogandeiras mais importantes de Galicia, tanto no sector agrícola como no gandeiro, sendo entre outras a base de provisión de Indicacións Xeográficas Protexidas tales como, Pataca de Galicia, Tenreira Galega, Pan de Cea ou Mel de Galicia. Situándose esta comarca ourensá como unha das principais zonas de Galicia de produción cárnica, e de outros derivados e aproveitamentos dos animais.

Así, as explotacións gandeiras representan unha das fortalezas da comarca, e son un dos grandes piares da economía comarcal, e mesmo provincial, con varios centos de milleiros de cabezas de gando, das que o redor de 75.000 corresponden a unidades de gando maior.

Con esta importante produción animal, na Comarca da Limia tamén se esta xerando un gran volume de xurros e puríns derivados das dexecións animais, que en gran medida veñen sendo aproveitados como eficaces abonos e fertilizantes a prezos competitivos, que se teñen amosado como un subproduto altamente beneficioso para a actividade agrícola.

Con todo, hai varios factores que están alterando este equilibrio establecido entre os propios agricultores e gandeiros que supoñen riscos para o medio ambiente, a saúde, e mesmo tamén para a imaxe dos produtos de calidade da Limia.

O Grupo Parlamentario Popular comparte cos agricultores e gandeiros da Limia, asociacións ecoloxistas, organizacións sindicais, ou coas plataformas cidadáns, e mesmo tamén cos partidos políticos, a preocupación existente nesta comarca ourensá pola xeración e xestión de xurros das explotacións gandeiras.



A Xunta de Galicia constituíu recentemente a Mesa da Limia, na busca de solucións para poder chegar a consensos entre todos os sectores interesados, e de cara establecer canles de diálogo e achegas que dean resposta e solucións a esta problemática; A Xunta de Galicia, para acadar o máximo grao de consenso posible publicou ata o 15 do mes de setembro no portal de transparencia, unha consulta pública previa á elaboración e tramitación do anteproxecto de Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1. Cales son os obxectivos que persegue a Xunta de Galicia coa creación e posta en marcha da Mesa da Limia, órgano de participación creado para loitar contra a problemática dos residuos que orixina a actividade agrogandeira nesta comarca, ¿quen estaba presente na constitución da mesma e cal é o balance destes primeiros encontros?.
- 2.- Referente a Lei reguladora do sistema integrado para a xestión das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia, ¿cal foi o grao de participación a través das súas alegacións dos axentes interesados, como asociacións de agricultores e gandeiros, sindicatos, ecoloxistas ou outros interesados nas achegas a esta redacción?
- 3.- Que outras medidas e accións se prevén dende a Consellería de Medio Rural na busca de solucións para a xestión e tratamento sustentable das dexeccións gandeiras xeradas en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 13/09/2019 10:12:27

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2019 10:12:41

Rosa Oubiña Solla na data 13/09/2019 10:12:59

Moisés Blanco Paradelo na data 13/09/2019 10:13:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jesús Miguel Prado Patiño na data 13/09/2019 10:13:23

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 13/09/2019 10:13:39

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2019 10:14:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Non obstante esta obriga, a Xunta de Galicia nin sequera ten aprobado o calendario normativo para este ano 2019 (polo que non se coñecen as previsións normativas para este ano ao que só lle quedan 3 meses para rematar), ao que hai que engadir o deficiente grao de cumprimento por parte do Goberno galego dos seus propios plans normativos anunciados 2017 e 2018.

A realidade é que, a día de hoxe, o Goberno non ten dispoñible no Portal de Transparencia o necesario informe de seguimento do plan normativo de 2018, comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei que sistematicamente vén anunciando.

E atopamos esa mesma liña de incumprimento dos compromisos lexislativos cando só se teñen aprobado 5 das 20 leis que o presidente da Xunta anunciara no seu programa electoral ás eleccións autonómicas de 2016. Xa que logo, seguimos diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que cumpre as súas promesas?
- 2.^a) Pode afirmar o Goberno da Xunta de Galicia que cumpre o disposto no artigo 132.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas?
- 3.^a) Cando ten previsto o Goberno dar conta do grao de seguimento do plan normativo do ano 2018?
- 4.^a) Cando ten previsto o Goberno aprobar o plan normativo de 2019?
- 5.^a) Por que o Goberno non é capaz de cumprir os seus plans normativos?





6.ª) Por que o Goberno non é capaz de cumprir as promesas electorais do presidente da Xunta?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 13:09:17

María Teresa Porrirt Lueiro na data 13/09/2019 13:09:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López, Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O número de persoas afogadas na nosa comunidade sitúanos como a terceira na que máis persoas faleceron no 2018 con 49 persoas afogadas, segundo o Informe Nacional de Afogamentos da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo.

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, no que se establece un rexistro provisional e un definitivo (que finalizaba no ano 2017), no que as persoas que queiran traballar como socorristas teñen que estar inscritas na AGASP, que é onde reside o rexistro.

Á vista de que o número de socorristas minguaba, a Xunta aproba o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, mediante o cal se amplía o rexistro provisional ata 2021 e aos licenciados de INEF e os que tiveran finalizado TAFAD terían que facer un curso de 70 horas, máis 80 h de prácticas para espazos acuáticos e de 65 horas máis 80 h prácticas para instalacións acuáticas, podendo así inscribirse no rexistro definitivo.

Os concellos galegos teñen, ano tras ano, dificultades para a contratación de socorristas para as súas praias e/ou piscinas, aínda que o número de persoas inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia supera os 5.000. Problema que, ademais da falla de seguridade, impide a moitos destes concellos continuar coa bandeira azul.

A Federación Galega de Salvamento e Socorrismo Acuático alerta de que o número de persoas interesadas en realizar os cursos de capacitación



diminúen ano tras ano, argumentando que as razóns son varias, por unha banda o custo do curso de capacitación, que para este ano é de 1.300 €, a duración do dito curso (4 meses durante os venres pola tarde e sábados e domingos mañá e tarde), a estacionalidade, así como a precariedade laboral destes profesionais.

Á vista destes datos as deputadas que asinan preguntan:

Ten pensado o goberno galego convocar á Fegamp e a Federación Galega de Salvamento e Socorrismo Acuático para buscar solucións viables a este problema?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 15:32:50

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 15:33:12

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/09/2019 15:33:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2019 15:34:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Índice de Producción Industrial (IPI) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, excluída a construción, contidas na Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009). O IPI mide a evolución conxunta da cantidade e da calidade, eliminando a influencia dos prezos.

O INE acaba de publicar o Informe sobre o Índice de Producción Industrial correspondente a xullo de 2019, que arroxa un retroceso dun 0,1 % respecto do mesmo mes de 2018, mentres que para o conxunto do Estado rexistrouse un crecemento dun 2,9 %.

Neste exercicio os valores do índice de produción industrial foron negativos en todos os meses, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 15:53:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 15:53:18



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O IGE vén de publicar a Estatística de Sociedades Mercantís correspondente ao mes de xullo. A dita estatística elaborase a partires da Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (Borme) con carácter mensual co fin de medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre as empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.

Os datos achegados indícanos que no mes de xullo en Galicia se crean 281 sociedades mercantís, o que supón unha diminución dun -1,1 % respecto do mesmo mes do ano anterior, mentres que para o conxunto do Estado esta variación é positiva (+1,6 %). No caso das sociedades disolvidas (80) a variación anual tamén é peor para Galicia (+11,1 %) que para o conxunto do Estado (+9,2 %) e temos 102 sociedades que amplían capital e 20 que o reducen.

Facendo unha comparativa mes a mes, tamén temos que para este exercicio os datos para Galicia son negativos respecto aos do exercicio 2018.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego desta situación?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/09/2019 15:53:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 15:53:57



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Carmen Rodríguez Dacosta e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

As concentracións parcelarias de 8 parroquias da zona norte do concello de Agolada en Pontevedra levan esperando desde o ano 2002, a que se rematen. A realidade é que nesta área territorial xa hai traballos feitos cun investimento de máis de 800.000 euros, como o estudo de impacto medioambiental, medición de fincas, levantamentos topográficos, etc.

Estas concentracións divídense en dous núcleos:

- Núcleo 1: que abrangue as parroquias de Agra, Sexo, Baiña e Val cunha superficie de 1469 hectáreas.
- Núcleo 2: que abrangue as parroquias de Berredo, Eidián, Basadre e Ramil cunha superficie de 2130 hectáreas.

Nestes dous núcleos faltarían as parroquias de Sexto e Brocos (núcleo 3), para as que durante o ano 2018 se recolleron sinaturas que concluíron que o 90 % dos propietarios de terras nestas dúas parroquias demandan tamén o inicio da concentración parcelaria.

Tratase de parroquias cun minifundismo extremo. Hai casos nos que 25 hectáreas chegan a repartirse en máis de 220 parcelas, o que fai moi complicado o aproveitamento de ao redor de 470 hectáreas de terreo agrícola que están inutilizadas. Esta cuestión é especialmente grave dado que estamos a falar da reorganización dunhas terras, situadas a maior parte delas na ribeira do río Ulla, que conforman un espazo moi fértil e válido para a produción de forraxes con cultivos como o millo ou os mirasoles.

Ademais sería un proxecto sinxelo, xa que das máis de 5.000 hectáreas que abarcan, hai xa preto dunhas 1.102 hectáreas localizadas en pequenos núcleos que xa están aparceladas ou pertencen a montes comunais, e de especial interese estratéxico, dado que nestas parcelarias existe unha



destacada actividade gandeira, como a Granxa Sueiro, recoñecida polo seu labor a favor da sustentabilidade.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas da demora no proceso de concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación coa concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

3ª) Cales e cantos procedementos de concentracións parcelarias están aínda en trámites? Cando prevé a Xunta de Galicia que se van realizar?

4ª) Cando prevé a Xunta de Galicia que se realizará, definitivamente, a concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada? En caso afirmativo, cal é o cronograma de actuacións?

5ª) É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, sociais e medioambientais que supón a demora na concentración parcelaria dos núcleos 1 e 2 da zona norte do concello de Agolada?

6ª) Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os tramites de construción da concentración parcelaria no núcleo 3 da zona norte do concello de Agolada? En caso afirmativo, cal é o orzamento e o cronograma de actuacións?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2019 16:33:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:33:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:34:22
Nº Rexistro: 55714
Data envío: 13/09/2019 16:34:22.056

María Luisa Pierres López na data 13/09/2019 16:33:37

CSV: BOPGDSPG6JHCqblP7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porrirt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Tense coñecemento de que o que fora alcalde do concello de Laza, D. Jose Ramón Barreal, unha vez que deixou o seu cargo electo, a consecuencia dos resultados electorais de maio de 2019, tomou posesión como director técnico do Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense, o cal xestiona os parques de Valdeorras, Xinzo, Verín e o Carballiño e no que participa a Xunta de Galicia en virtude da reunión do Consello da Xunta de data 27 de setembro de 2012, segundo o disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Entendemos que o dito alcalde non pasou ningún proceso selectivo de acceso á praza indicada e que este foi contratado de forma nominal, a pesares de que baseándose no establecido na lexislación o acceso a esta entidade con condición de entidade pública, local non territorial deberá producirse seguindo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por todo o exposto as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten o Goberno galego coñecemento de cando foi creada a praza de director técnico do Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense?

2ª) Que funcións competen á categoría de director técnico do Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense, e que titulación se esixe ao respecto?

3ª) Como se procedeu á cobertura desta praza?

4ª) Que tipo de contrato se formalizou entre o consorcio e a persoa que ocupou o dito cargo?



5ª) Que titulación ostenta o actual director técnico do consorcio?

6ª) En virtude de que relación contractual tomou posesión a dita persoa no Consorcio Provincial de Bombeiros de Ourense, e en que data?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/09/2019 17:13:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 17:13:53

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/09/2019 17:14:07



Á Mesa do Parlamento

María Carmen Rodríguez Dacosta, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Reitoral de Santo André de Camporredondo, do século XVIII, sitúase na provincia de Ourense, na parroquia de Santo André de Camporredondo, a 3 quilómetros de Ribadavia. Este conxunto monumental formado pola reitoral de Santo André, a granxa vinícola máis importante que o mosteiro de San Martiño Pinario tivo en Galicia, feita en sillería, forma un conxunto único barroco galego que contén ademais unha adega abovedada singular. Moi preto deste conxunto histórico atópase un dos perfectos exemplos do barroco compostelán no rural galego, a igrexa de Santo André.

A restauración do edificio iniciouse con múltiples colaboracións públicas sendo decisiva a actuación da primeira “Escola-Taller” da provincia xa en 1988, así coma outras actuacións que continuaron a rehabilitación dos edificios.

Esta reitoral cedeuse ao Concello de Ribadavia a través dun convenio co bispado de Ourense para situar nel o Museo do Viño de Galicia, un espazo que ten como obxectivo a recuperación, conservación, documentación, investigacións, exhibición e difusión, de maneira científica e didáctica do noso patrimonio cultural e de interese vitivinícola, incorporando os fondos históricos e etnográficos, así como a organización de actividades científicas, formativas, divulgativas e de ocio que incrementen e favorezan o coñecemento da cultura da vide e do viño en Galicia.

A Xunta de Galicia responsabilizouse a partir do ano 1995 dos traballos do proxecto museístico e de poñer en marcha todas as actuacións necesarias para a súa apertura e xestión. Resulta preocupante a falla de accións nas pasadas dúas legislaturas por parte da Consellería de Cultura, xa que transcorridos 29 anos desde o inicio deste proxecto, foron moitas as visitas e as promesas dos gobernos do PP para poñer en marcha o Museo do Viño, pero que non teñen concretado en accións para a apertura destas instalacións.

Tralas eleccións municipais celebradas no ano 2015, o inicio do mandato a Deputación Provincial de Ourense ofreceuse a participar colaborando coa Consellería de Cultura nos últimos traballos necesarios para a apertura do museo, pero na actualidade este espazo segue pechado.

Por todo o exposto as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

En que data foi concedida a licencia de actividade e a licencia de apertura do Museo do Viño de Galicia de Santo André de Campo Redondo de Ribadavia?



Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2019 16:41:09

Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2019 16:41:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2019 16:41:33

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/09/2019 16:41:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para solucionar a falta de persoal facultativo no concello de Meis.

O Partido Popular ten un modelo de Atención Primaria fracasado, que está dificultando o acceso @s galeg@s á sanidade pública e dificultando a prestación sanitaria de calidade. Está infradotada de persoal e de orzamento, falta de capacidade resolutiva pola imposibilidade de solicitar probas diagnósticas, sen protocolos claros para a derivación hospitalaria. Non resolve, non pode derivar, non pode dar a asistencia que a poboación demanda.

Esta situación de deterioro da Atención Primaria visibilizouse con toda virulencia ao longo desde verán, onde se produciu un forte rexeitamento á folla de ruta da xunta, a través de mobilizacións, manifestacións, declaracións públicas etc.

O Concello de Meis non e alleo a estes problemas, así vemos como as prazas dos médicos non son cubertas nas vacacións nin nas baixas, situación que se dá ao longo do tempo e que se acentúa nos meses de verán, así concretamente nestes días atopámonos no Concello de Meis que o Centro de Saúde do Mosteiro e no de Paradela non houbo médico durante días, o mesmo acontece en San Martiño que está sen médico debido ás vacacións do mesmo e cuxa praza non é cuberta durante este período.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo acontece coa praza de médico pediatra, a cal non se cubre nos períodos de vacacións, dándose o caso neste momento que por unha baixa da titular segue sen estar cuberta tras ese período de vacacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª::

-Coida que @s veciñ@s de Meis están recibindo unha atención sanitaria de calidade cando hai días que non hai ningún médico para atender á poboación?

-Van proceder a cubrir todas as prazas de médicos no Concello durante as vacacións ou baixas laborais dos mesmos para garantir a asistencia sanitaria?

-Van cubrir de forma inmediata a praza de pediatra do Concello de Meis?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 13:16:39

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 13:16:46

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 13:16:52

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 13:17:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 13:17:07

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 13:17:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á esclarecer as circunstancias do apreixamento dun arrastreiro “Río Mau” por parte de Irlanda.

O pasado luns día 11 de Setembro foi apresado novamente un pesqueiro galego. Nesta ocasión tocoulle ao arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo. Dito apresamento foi realizada polas autoridades irlandesas, permanecendo retido durante 4 días con toda a tripulación a bordo no porto de Casteltownbere (Irlanda).

O apresamento do “Río Mau” semella un proceder moi dubidoso, xa que neste caso as propias autoridades irlandesas admiten que houbo un erro á hora de estimar as capturas de rape e rapante a bordo.

O certo é que Irlanda ven de apresar por terceira vez un barco de capital galego no que vai dun ano para aquí. Son os casos do palangreiro de Burela “Virxen da Blanca”, ou máis recentemente o tamén palangreiro “Mestre Bobicha” con armador de Ribeira e pavillón portugués. Ao igual que no caso do “Río Mau”, as presuntas infraccións entendemos que non poden ser consideradas como algo grave, polo que resulta excesivamente rigoroso desviar a un barco a porto, rételo e impoñer sancións elevadísimas baixo a ameaza de que vai ser resolto a saber cando por un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurado popular, nunha sociedade irlandesa na que aínda perduran prexuízos de antano contra á pesca galega.

Hai que lembrar que estas infraccións son sempre detectadas en “augas xurisdicionais da UE”, polo que Irlanda non ten un dereito exclusivo sobre elas.

Débase tamén sinalar que a flota galega leva realizado un gran esforzo social e económico para adecuarse aos recursos, e se hoxe o Gran Sol ten un bo estado de conservación débese en gran medida a este sacrificio do noso sector. Por iso non é de recibo este acoso ao noso sector pesqueiro.

É preciso que o Goberno español realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e tamén que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante do apreixamento por parte de Irlanda do arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo?

Ten realizado algunha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” ao Goberno español?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten solicitado que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE?

Que accións vai realizar se este “modus operandi” das autoridades irlandesas estase a aplicar especialmente á frota galega?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:20:41

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:20:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:20:55

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:21:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:21:08

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:21:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á rede natura.

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia.

Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO:

Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación amplíase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión bi xeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos.

Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.



Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012.

A realidade é que pasaron máis de 7 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e 11 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Por que razón a Xunta de Galiza incumpre o mandado da Comisión Europea a respecto da ampliación da Rede Natura?

2. Por que a Xunta de Galiza paralizou a ampliación da Rede Natura sometida a información pública no ano 2012?

3. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?

4. Ten coñecemento o goberno galego do deterioro irreversible que sufriron moitos deses espazos?

5. En cantos dos espazos incluídos na proposta de ampliación se desenvolveron ou están previstos proxectos mineiros, hidroeléctricos, eólicos e de plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos?

6. Ten previsto o goberno galego revisar o Plan Director da Rede Natura e aprobar Plans de xestión específicos para cada un dos lugares, tal como reclamou a Comisión Europea?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Que previsións ten o goberno galego en canto á ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?

8. Como valora o goberno galego o feito de que Galiza ocupe o último lugar do estado en porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:53:00

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:53:09

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:53:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:53:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:53:34

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:53:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**

A Xunta respondeu á deputada que subscribe, a respecto das circunstancias da paralización das obras do novo centro de saúde do Saviñao, a súa posible incidencia nun sobrecusto do proxecto e as previsións da Xunta de Galicia referidas á existencia de demoras na súa execución, que “as obras de construción do Centro de saúde do Saviñao non están paralizadas”.

O novo centro de saúde do Saviñao foi licitado o 14/12/2018 cun prazo de execución de 12 meses por un importe de 1.138.455,05 € con IVA.

O emprazamento escollido para dito edificio, no 2016, o Campo da Lama, tivo dende o inicio a oposición da Asociación Veciñal do Saviñao, por consideralo un espazo pouco adecuado polo risco de asolagamento, dado que é un dos puntos onde nace o río Pesqueiras. Dito colectivo veciñal impulsou unha campaña de sinaturas para o cambio de ubicación e enviou cartas de advertencia ao Presidente da Xunta e ao Conselleiro de Sanidade, respondéndolles dende este departamento que non había problema, pois habería medios técnicos para sortear as posibles incidencias.

A mediados xuño de 2019 as obras do centro de saúde, iniciadas este mesmo mes, tiveron que parar por mor dun embolsamento de auga procedente dun manancial.



Así, como reconece a propia Xunta, “durante a fase de escavación xurdiu auga por riba da cota do nivel freático previsto no estudo xeotécnico, e está previsto realizar un estudo complementario para confirmar a idoneidade da solución arquitectónica proposta ou, no seu caso, tomar algunha medida para rebaixar a cota de auga. Ata que no se conte co informe complementario no se pode determinar se existe sobrecusto.”

En agosto e setembro volveron producirse inundacións.

Dada a situación de, de facto, parálise, non é, seguramente posible, que o edificio estea rematado a medidas de 2020. O que é xa descartable é que estea en funcionamento a finais de 2019, como chegou a prometer o Conselleiro de Sanidade.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Cando prevé ter o estudo complementario sobre a idoneidade da solución arquitectónica proposta para o CS do Saviñao?
- De este estudo confirmar que a solución non é idónea: que medidas se tomarán?
- Descarta a Xunta un novo emprazamento da instalación?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/09/2019 18:22:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao ente público ferroviario e o tren de cercanías.

O 20 de abril de 2010, a Xunta de Galiza fixo público o inicio dos trámites para a creación do Ente Público Ferroviario de Galiza. Nesta data publicouse no DOG a licitación do contrato de servizo para elaborar o proxecto de lei deste organismo, por un importe de 180.000 euros.

Pasaron máis de 9 anos desde aquel anuncio sen que se dese un só paso para facer realidade o proxecto, o que demostra o desinterese do PP pola promoción e desenvolvemento da rede ferroviaria interna do país e o tren de cercanías. Polo contrario, o que vimos nos anos seguintes foi o peche de estacións, o desmantelamento de liñas, a redución de frecuencias e o esmorecemento do ferrocarril de cercanías como alternativa fundamental para unha mobilidade máis sostíbel, saudábel e segura. A situación das liñas Ferrol-Ribadeo, Coruña-Ferrol, Ourense-Monforte, Lugo-Sarria ou Vigo-Tui son un bo exemplo do desinterese dos gobernos da Xunta e do Estado a respecto do ferrocarril de proximidade.

Este panorama desolador contrasta co doutras comunidades do Estado que contan con servizo de cercanías, que están xestionados pola administración ferroviaria estatal ou por entes propios.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG consideramos prioritario que Galiza asuma as competencias na súa rede ferroviaria interna, como forma de potenciación do ferrocarril e da intermodalidade con outros modos de transporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal foi o resultado da licitación do contrato para elaborar a Lei do Ente Público Ferroviario de Galiza?
2. Por que o goberno galego desbotou esta proposta e apoiou pouco despois o desmantelamento dos servizos ferroviarios en Galiza?
3. Que vai facer a Xunta de Galiza diante do desmantelamento, a falta de investimentos e a obsolescencia de trazados e maquinaria de moitas liñas ferroviarias de Galiza?
4. Considera necesaria a transferencia das competencias en relación coa rede ferroviaria interna?
5. Está dacordo coa creación do servizo ferroviario de cercanías? En caso de resposta afirmativa, en que liñas considera que debería levarse a cabo?
6. Considera a Xunta de Galiza que o transporte de persoas e mercadorías por ferrocarril é fundamental para conseguir un transporte máis sustentábel e combater a crise climática?
7. Que opinión lle merece o estado das infraestruturas e os servizos ferroviarios nas liñas Ferrol-Ribadeo e Coruña-Ferrol?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Que demandas impulsou a Xunta de Galiza diante do goberno central na presente lexislatura para mellorar as infraestruturas e os servizos ferroviarios de cercanías?

9. Segue defendendo o goberno galego a necesidade de creación do Ente público ferroviario de Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 18:53:40

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 18:53:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 18:53:55

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 18:54:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 18:54:38

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 18:54:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa aos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Monte Toural, nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia.

A Xunta de Galiza está a tramitar os proxectos Campelo, Bustelo e Monte Toural, de 42, 46,2 e 21 MW de potencia, promovidos pola empresa Greenalia Power nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia. Os citados parques levan asociada unha infraestrutura de Liña de Alta Tensión (LAT 220 Kw) que vai desde Campelo ao Mesón do Vento atravesando os concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia.

A tramitación destes parques eólicos e da LAT pon de manifesto o mesmo “modus operandi” para burlar a lei, favorecer descaradamente os intereses das empresas eólicas, desprotexer o territorio e os dereitos das persoas que viven nel, e perpetrar agresións a espazos e ecosistemas de grande valor ambiental:

1º Os tres parques teñen unha mesma empresa promotora, coinciden nunha mesma zona e comparten infraestruturas como a estación transformadora e liñas de evacuación. Son polo tanto un único parque dividido fraudulentamente en tres, todos eles de menos de 50 MW para que a tramitación corresponda á Xunta de Galiza e deste xeito acollerse aos beneficios e trato de favor previsto na Lei de depredación.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º O Consello da Xunta concedeulles no mes de maio de 2018 no mesmo acto administrativo a declaración de “proxecto de interese especial”, o que leva consigo a tramitación prioritaria, a redución á metade dos prazos, a declaración de utilidade pública e en xeral a prevalencia dos intereses da empresa promotora sobre calquera outro.

3º Ademais de dividir o megaparque en tres máis pequenos, os parques resultantes foron “amañados” para ubicalos en máis dun concello e así acollerse aos beneficios da declaración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

4º A división do megaparque en tres ten como finalidade tamén evitar a avaliación ambiental do conxunto e dos efectos sinérxicos que as instalacións teñen sobre os ecosistemas, paisaxe, especies, territorio, actividades económicas tradicionais, núcleos de poboación, etc. Trátase dun burdo fraude de lei que foi evidenciado por diferentes sentenzas xudiciais, entre elas a do Tribunal Supremo do 30 de marzo de 2017, que confirma a fragmentación artificial do que debía ser un único parque eólico. Nesta sentenza rexéitase o recurso de casación presentado pola Junta de Castilla y León e Gamesa contra a sentenza de data 26 de xuño de 2014 ditada pola sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León. Velaquí a argumentación do Tribunal Supremo:

“Es claro que ha existido en este caso una fragmentación artificial de lo que hubiera debido ser un único parque eólico, y no se ha seguido, pues, la correcta calificación del régimen jurídico de las instalaciones litigiosas en función de la potencia instalada. Los artículos mencionados 27 y 28 de la Ley del Sector Eléctrico no se vulneran por dicha valoración judicial razonada de que se trata de un proyecto único que determina los límites de potencia a los efectos del régimen de producción de energía



eléctrica (la producción de energía eléctrica tendrá lugar en régimen especial cuando se realice desde instalaciones con una potencia instalada que no supere los 50 MW)”.

“En fin, la Sala reconoce el carácter unitario del conjunto de elementos que componen un solo parque eólico, tras ponderar de forma razonable las consecuencias que derivarían de una visión dividida o fraccionada de las instalaciones que impediría, entre otros aspectos, realizar una adecuada evaluación del impacto ambiental, valorando así de forma expresa y singular los estudios medioambientales realizados, razón por la que ha de rechazarse el motivo de casación”

5º A construción destes tres parques eólicos, tanto a instalación dos muíños como as pistas, liñas de evacuación eléctrica e estacións de transformación, etc. supoñen unha ameaza para a Centaurea Ulteira, unha planta catalogada como “en perigo crítico de extinción” no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril). Trátase un endemismo galego con unha poboación mundial composta por pouco máis de 6.800 individuos distribuídos en dúas cuadrículas de 10x10 km arredor do Monte Castelo e da Lagoa de Alcaían.

6º Cómpre tamén ter en conta que a Lagoa de Alcaían foi proposta polo goberno da Xunta para a ampliación da Rede Natura (2012), dentro da ampliación do LIC Río Anllóns, polos seus excepcionais valores ecolóxicos e a presenza de especies raras entre as que se encontran outras especies endémicas en perigo de extinción ou vulnerábeis como a Lycopodiella inundata, a Euphorbia uliginosa ou a Spitanthes aestivalis, que xa foron obxecto de agresións en 2016 como consecuencia das obras de apertura dunha pista por parte da consellaría do Medio Rural.

Ademais, a Lagoa de Alcaían aparece incluída no Catálogo de Humidais de Galicia, coas conseguíntes restricións e limitacións previstas no Decreto 127/2008, do 5



de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

Por outra parte, como mostra dos seus extraordinarios valores ambientais e paisaxísticos, a lagoa foi incluída no Catálogo de Paisaxes de Galicia, coa categoría de Área de Especial Protección Paisaxística (decreto 119/2016, do 28 de xullo).

7º Os citados parques e a Liña de Alta Tensión teñen un impacto moi negativo sobre o territorio, sobre o patrimonio cultural, sobre os recursos hídricos, sobre a actividade económica tradicional do territorio e sobre os asentamentos humanos. A realidade é que estes proxectos están pensados para favorecer intereses privados e alleos ao territorio, xerando beneficios millonarios para as empresas promotoras e causando graves prexuízos á poboación local, á paisaxe e aos ecosistemas. A este respecto cómpre ter en conta os datos publicados pola empresa Greenalia Power S.L., os 7 parques que promove en Galiza, entre os que se encontran os tres citados, van supoñer máis de 1.000 millóns de euros de ingresos por venda de enerxía ao longo de 25 anos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Por que razón a Xunta de Galiza favorece os intereses dunha empresa privada avalando un proxecto que causa graves prexuízos ambientais e sociais como o dos parques eólicos de Castelo, Bustelo e Monte Toural?
2. Como valora o goberno galego a sentenza do Tribunal Supremo a respecto da fragmentación artificial de parques eólicos para facilitar a súa tramitación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Como valora o goberno galego o impacto da construción destes parques eólicos en especies altamente vulnerábeis e en ecosistemas protexidos como a lagoa de Alcaián, incluída no Inventario de Humidais de Galiza?

4. Que efectos ten o parque na Área de Especial Protección Paisaxística Lagoa de Alcaián, incluída no Catálogo de Paisaxes de Galicia (decreto 119/2016, do 28 de xullo)?

5. Como valora a construción de parques eólicos no ámbito dun espazo proposto para a ampliación da Rede Natura?

6. Considera a Xunta de Galiza que neste caso é de aplicación a suspensión de parques eólicos na ampliación da Rede Natura?

7. A luz das irregularidades na tramitación e dos fortes impactos no medio, no territorio, nas actividades económicas tradicionais, na poboación local e en ecosistemas de grande valor, ten previsto o goberno galego deixar sen efecto a tramitación dos proxectos de parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural, de 42, 46,2 e 21 MW de potencia, promovidos pola empresa Greenalia Power nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia, así como o proxecto de LAT Campelo-Mesón asociada aos citados parques?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 19:09:02

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 19:09:17

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 19:09:24

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 19:09:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 19:09:45

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 19:09:54



A Mesa do Parlamento

Jackeline E. Fernández Macías, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O sector do aceite de oliva leva experimentado un incremento máis que notable nos últimos anos na comunidade autónoma de Galicia, como así o demostran as case 300 hectáreas de cultivos de oliveira repartidas nas catro provincias, ou os máis de 130 integrantes da Asociación de Produtores de Aceite de Oliva de Galicia (APAAG).

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural e os seus entes asociados como a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), están a traballar neste senso a través de diferentes liñas de colaboración con este sector.

Por un lado, a Consellería de Medio Rural realizaba avances, a principios do ano 2019, a prol de lograr unha Indicación Xeográfica Protexida (IXP) ou unha Denominación de Orixe Protexida (DOP) para o Aceite de Galicia, a través de estudos e proxectos que permitan rexistrar as parcelas e censar os olivos en produción para asentir as bases e a realidade do sector.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Por outro lado, observábamnos como o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) firmaba un contrato con diversos viveiros para comercializar as variedades de olivo autóctono galego (brava galega e mansa galega), recoñecidas oficialmente no ano 2017 e que contarán co proceso de certificación pertinente.

Observamos, pois, como existe un esforzo real entre os diferentes organismos, administracións e entidades, en colaboración coa Xunta de Galicia, por recuperar o olivar autóctono galego, profundizando na súa posta en valor e transformando este cultivo e o seu produto final nunha alternativa rentable para o rural en Galicia.

Tendo en conta o compromiso da Consellería de Medio Rural co sector, apostando así por novos usos dos terreos agrarios e a súa diversificación, co fin de mellorar as rendas no agro e apoiar a fixación de poboación no rural, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Qué avances se teñen realizado nos últimos meses desde a Consellería de Medio Rural en relación ao sector do aceite de oliva galego?



2. Cal é a planificación da Consellería de Medio Rural en relación á elaboración dunha Indicación Xeográfica Protexida ou unha Denominación de Orixe Protexida para o aceite de oliva de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 17/09/2019 10:14:18

Moisés Blanco Paradelo na data 17/09/2019 10:14:29

Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/09/2019 10:14:44

Raquel Arias Rodríguez na data 17/09/2019 10:14:55

Carlos Gómez Salgado na data 17/09/2019 10:15:11

Daniel Vega Pérez na data 17/09/2019 10:15:24

Rosa Oubiña Solla na data 17/09/2019 10:15:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Festa da Vendima de Leiro celébrase cada ano dende hai tres décadas para lembrar o carácter festivo da recollida da uva e enxalzar o que é un dos motores económicos do Ribeiro, cunha profunda tradición vitivinícola. Entre as súas actividades máis importantes atópase o desfile de carrozas relacionadas coa vendima.

No ano 2014 o Concello de Leiro anunciou a tramitación do expediente para declarar a Festa de Interese Turístico por acordo no pleno deste Concello. En outubro do ano 2018 o Alcalde deste concello anunciaba que debido a problemas técnicos no cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión desta distinción, debía iniciarse de novo a tramitación deste expediente.

Segundo se recolle na *Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, no capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia se sinala que “a declaración se fará segundo se determine regulamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan. Donde se valorará positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia”*.

O *Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración das festas de interese turístico de Galicia*, desenvolve a previsión legal, concretando os requisitos que deben cumprirse para optar á declaración de festa de interese turístico de Galicia, os seus efectos, así como o procedemento para a declaración, a súa vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia. Corresponde ao Consello de la Xunta de Galicia, previa instrución do expediente pola Axencia de Turismo de Galicia, a competencia para a declaración de festas de interese turístico de Galicia de acordo os artigos 4 e 93 da Lei 7/2011, do 27 de outubro. Tal e como se indica no propio regulamento, o procedemento para a



declaración de festa de interese turístico de Galicia iniciárase por solicitude de entidades interesadas, sexan de carácter públicos ou privados, previa consulta ao concello onde se celebre, salvo no caso de que sexa o propio concello o que formule a solicitude de iniciación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a declaración da Festa da Vendima de Leiro como de “Interese Turístico”?
2. Iniciou o Concello de Leiro o procedemento para acadar esta declaración?
3. En caso afirmativo, en que data se realizou dita tramitación?
4. Comezou a Axencia de Turismo de Galicia a instrución do expediente para a declaración da Festa da Vendima de Leiro como de “Interese Turístico”?
5. Detectou a Axencia de Turismo de Galicia dificultades no cumprimento dos requisitos contidos na normativa vixente para acadar a declaración da Festa da Vendima de Leiro como de Interese turístico?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 11:49:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/09/2019 11:49:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2019 11:49:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O persoal técnico da equipa número 2 da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, con sede en Vigo, rexistraban no mes de xullo un escrito de solicitude de reparto equitativo e aleatorio (non discrecional) dos novos expedientes que vaian entrando nese servizo. No mesmo escrito advertían que a actual distribución pode supoñer a falla da atención precisa aos expedientes e os retrasos na súa tramitación. As causas desa solicitude non son outras que a sobrecarga no traballo desa equipa, como consecuencia do cambio na organización do servizo que se fixera no mes de febreiro deste mesmo ano.

No Servizo provincial hai actualmente seis equipas, formadas por 6 persoas cada unha, e salvo a equipa número 2, que ten só 5. A maiores, a media do número de expedientes de cada equipa ronda os 65, mais a realidade do traballo non é a mesma. Como exemplo, esta equipa asumiu, cando menos, un 40 % máis de expedientes novos que o resto do servizo, segundo denunciaban en xullo o persoal técnico.

O anterior amosa unha pésima organización do traballo por parte das persoas responsables do Servizo e, en último termo, polos responsables políticos do Goberno galego, afectando directamente ás persoas usuarias, é dicir, menores es as súas familias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre a situación advertida polo persoal técnico da equipa número 2 da área de Menores do Servizo da provincia de Pontevedra de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social?
2. Que vai facer o Goberno para mudar esta situación?



3. Ten intención o Goberno de acordar unha distribución equitativa e un reparto aleatorio dos novos expedientes entre as distintas equipas existentes?
4. Ten intención o Goberno de mudar o sistema organizativo para evitar a sobrecarga no traballo dalgunha das equipas?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 12:27:20

María Luisa Pierres López na data 17/09/2019 12:27:30

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 12:27:43

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 12:27:52



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En xullo de 2016, o Concello de Ponte Caldelas presentaba por rexistro un borrador de regulamento urbanístico para a ordenación dos terreos comprendidos na Central de Transportes, no polígono industrial da Reigosa e sen ese regulamento o Concello está imposibilitado para conceder licenzas de construción. O borrador foi froito do traballo conxunto dos técnicos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e do propio Concello. Resulta que o polígono da Reigosa conta cun plan sectorial de incidencia supramunicipal en vigor, polo que a súa ordenación é competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

O 12 de setembro pasado, o IGVS emitía nota de prensa na que informaba do desbloqueo da situación mediante a tramitación do procedemento para a aprobar o regulamento e para a modificación do proxecto sectorial. Así, a modificación incidirá na parcelación e usos das parcelas ou en cuestións como a alineación das naves a construír ou a mellora dos servizos e dotacións.

Tiveron que pasar tres anos e dous meses para o comezo da tramitación sinxela dun regulamento xa acordado e pactado polos técnicos e, nese tempo, “Xestur Pontevedra” só foi quen de vender unha das parcelas; o resto, ao ser subparceladas por falta de demanda, quedaron sen vender. E media ducia de empresarios desistiron de instalarse na Reigosa a causa da inseguridade xurídica derivada da inexistencia dunha ordenación urbanística acaída.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron as causas que explican que o IGVS teña tardado 3 anos e 2 meses en iniciar a aprobación o regulamento urbanístico para a ordenación dos terreos comprendidos na Central de Transportes, en Ponte Caldelas, que xa fora pactado entre os técnicos?



2. Quen vai van asumir as responsabilidades de que varias empresas non puidesen desenvolver os seus proxectos no polígono industrial da Reigosa?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 12:20:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2019 12:20:51

María Luisa Pierres López na data 17/09/2019 12:21:02



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O persoal de seguridade dos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras convocou mobilizacións durante os meses de agosto e setembro, co fin de poñer en coñecemento da opinión pública os constantes problemas de atrasos nos pagos por parte da empresa concesionaria do Sergas, “Servizos de Seguridade Integral e Mantencementos A1 S.L”. Segundo tivo coñecemento o grupo socialista, dende setembro do 2018 a empresa incumpre reiteradamente con atrasos sistemáticos o abono das nóminas. De feito tivo demora de varios meses para abonar os salarios do último trimestre de 2018, e tamén dos primeiros do 2019, e na actualidade a empresa aínda lles adebeda aos traballadores a nómina correspondente ao mes de xullo, cando o convenio en vigor da seguridade privada contempla que esta debería facerse efectiva a día 3 do mes vencido. Neste caso concreto, a falla de pagamento afecta a dez traballadores, repartidos nos dous hospitais comarcais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten constancia a Xunta de Galicia dos atrasos nos pagamentos dos salarios do persoal de seguridade privada dos hospitais de Verín e de Valdeorras?
2. Cumpre o Sergas, en tempo e forma, cos seus compromisos de pago coa concesionaria deste servizo?
3. Tomou algunha medida para garantir o pagamento destes salarios?
4. Reuniuse o Sergas cos traballadores da seguridade privada dos hospitais de Verín e de Valdeorras?
5. Que medidas ten previsto tomar para que se cumpran os dereitos laborais dos traballadores que prestan este servizo?
6. Considera a Xunta de Galicia que esta situación contribúe a que se preste un servizo de calidade na seguridade nestes hospitais?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 12:51:11

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/09/2019 12:51:22

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 12:51:37



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria en O Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que ven prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios. Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida. Durante este verán os veciños e veciñas veñen sufrindo a política de recortes aplicada polo Goberno de Núñez Feijoo, pola que non se substituíron os e as profesionais de vacacións e perdeuse o servizo de pediatría.

O Concello de Meis, comprobando a ineficiencia da Consellería de Sanidade, vén de iniciar unha recollida de sinaturas contra o abandono e desleixo que se notou este verán, e demandando a cobertura axeitada á maior brevidade. Esta acción vén acompañada dunha convocatoria de mobilización cidadá, como xa ten ocorrido noutros puntos da comarca en recentes datas como O Grove, Ribadumia ou A Illa, por motivos semellantes.

A pesares das queixas, o Goberno de Núñez Feijoo continúa coa súa política de recortes e de non explicacións aos concellos e persoas afectadas, polo que a situación parece enquistarse complicando a situación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Meis foi satisfactoria durante os meses de verán?



2. Ten previsto a Xunta de Galicia revisar a súa política de recursos humanos para tratar de mellorar a planificación de substitucións de persoal?
3. Pode garantir a Xunta de Galicia que non volverá a ocorrer unha situación semellante en Meis que impide ofrecer unha atención sanitaria en condicións e sen saturar aos profesionais en exercicio?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2019 13:08:44

Noela Blanco Rodríguez na data 17/09/2019 13:08:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**

Os ámbitos da cultura e da creación son dimensións de gran relevancia para a consecución da equidade social.

As aportacións das mulleres e a súa influencia na sociedade ocultouse e non se recolleu ao longo da historia debido ao androcentrismo imperante, polo que o déficit na visibilidade social das mulleres é evidente, tanto na vida económica como social, cultural e política. A presenza das mulleres nestes ámbitos non se corresponde coa súa dimensión demográfica.

O campo da cultura é, por unha banda, aquel no que se manifesta a verdadeira condición humana de expresarse, comunicarse e sentir, e polo tanto, excluír completa ou parcialmente ás mulleres neste ámbito significa limitalas na súa propia condición de seres humanos. Por outra banda, o marco da produción cultural é aquel no que se manifesta a capacidade proxectiva de imaxinar futuros. O espazo da produción simbólica é o que determina a fronteira de posibilidades de porvires posibles. As novas gramáticas, o crisol dos novos valores xéstanse na innovación e a creatividade artística, nos relatos literarios, nas ficcións audiovisuais, nos discursos, nos espazos arquitectónicos, no deseño de obxectos e nas estéticas musicais e, en consecuencia, quen ten as capacidades e habilidades para participar no campo cultural define o marco dos valores compartidos, dos anhelos colectivos e dos obxectivos a acadar.



A hexemonía patriarcal que se observa actualmente neste ámbito conséguese a través do control dos axentes culturais, entre os que destacan, polo seu impacto social os medios de comunicación, a industria cinematográfica e musical e outros axentes socializadores que se empregan como ferramentas de hexemonización tales como a relixión, a educación (mediante o establecemento dun currículo que favorece a aprendizaxe daquelas materias máis afíns á ideoloxía patriarcal e que omite todas as aportacións das mulleres), a arte e os medios de consumo potenciados pola publicidade.

A política debe perseguir a satisfacción dos dereitos culturais de toda a cidadanía, e non so da metade. A cultura debe ser unha estratexia clave ao servizo da cidadanía, nomeadamente das mulleres, para ser e para estar.

As políticas culturais e de participación que se leven a cabo en todas as administracións públicas deben adoptar estratexias e medidas que fomenten a participación das mulleres de xeito directo ou indirecto en todas as fases do proceso cultural, non so porque exista unha lexislación de obrigado cumprimento senón porque é socialmente xusto, economicamente eficiente, emocionalmente intelixente e porque só deste xeito se acadaría a plena cidadanía cultural das mulleres.

Na actualidade, a maioría do alumnado das Escolas de Arte e das facultades de Belas Artes son mulleres, polo que o lóxico sería presupoñer que as artistas acceden ao ámbito profesional e se manteñen nel coa mesma facilidade que os homes, mais isto non é así e a participación das mulleres no ámbito profesional e nas exposicións segue a ser escasa e a repercusión mediática das súas obras e propostas artísticas, menor. Innda na actualidade, existe pouca conciencia sobre a inxustiza da discriminación de xénero neste ámbito, estando tan afeitas socialmente a esa situación que moitas veces nin se repara en que a presenza de mulleres creadoras nos eventos culturais e artísticos é moi inferior á dos homes.



A maioría das mulleres artistas seguen buscando o seu lugar, discriminadas, subestimadas e peor remuneradas, nun sistema cultural no que os homes ocupan a maior parte dos verdadeiros postos de poder.

En Galicia, en 2015 publicouse un estudo sobre creadoras galegas no período entre 1990 e 2013, titulado “Arte + mulleres”, dirixido pola historiadora da arte María Luisa Sobrino Manzanares, que indicaba que a pesares da transformación do panorama artístico galego que se acadou nesas dúas décadas, xunto coa difusión do feminismo no eido cultural, e de diversas iniciativas artísticas feministas que combateron a discriminación sexista na arte, non se produciu un impacto significativo na visibilidade do traballo das mulleres artistas con respecto a épocas pasadas moito máis escuras, senón que persiste unha situación moi desfavorable para elas. Tamén se observa como a súa presenza foi diminuindo paulatinamente dende a década dos 90 ata agora.

En relación a isto, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non se cumpre en boa parte do ámbito artístico (museos, galerías, festivais de música, etc.). As institucións, públicas e privadas, debe facerse responsables e usar a súa influencia na loita pola igualdade.

Polo exposto a deputada e os deputados do Grupo Mixto, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª:

- Ten a Xunta de Galicia coñecemento da actual situación das mulleres no ámbito cultural e artístico?
- Que medidas leva a cabo a Xunta para promover a visibilización das mulleres no ámbito cultural e artístico?
- Que actuacións promove a Xunta para fomentar a participación das mulleres en todas as fases do proceso cultural?



- Instará a Xunta ao goberno do estado a facer cumprir a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no relativo ao sistema artístico?
- Promoverá a Xunta de xeito efectivo a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta artística e cultural pública, rexeitando programacións que non teñan a paridade como criterio destacado?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/09/2019 13:45:34

Paula Vázquez Verao na data 17/09/2019 13:45:46

David Rodríguez Estévez na data 17/09/2019 13:45:57

Francisco Casal Vidal na data 17/09/2019 13:46:06



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Grupo Ferroatlántica SAU, filial ao 100 % de Ferroglobe plc acordou a venda do 100 % da sociedade Ferroatlántica SAU (FAT-Xallas) que contén as fábricas de Cee e de Dumbría xunto coas centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Polo que FAT-Xallas pasa a ser unha empresa independente do grupo Ferroatlántica, sendo a responsable das operacións das fábricas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, non supoñendo, polo tanto, ningún cambio en canto a dereitos e obrigas e, en particular, sobre o centro de traballo formado polas ditas fábricas e as centrais hidroeléctricas. A titularidade dos dereitos concesionarios levan aparelados unha serie de condicións incluídas nas correspondentes resolucións administrativas:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non se poderán segregas de Ferroatlántica S.L, as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixas polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica S.L, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia o contido do acordo entre o grupo Ferroatlántica e Ithaka Partners, S.L?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que ese acordo debe ser obxecto de autorización administrativa previa?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que se cumpren na súa integridade condicións establecidas nas condicións de concesión?





Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2019 16:48:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 16:49:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/09/2019 16:49:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o estado das obras de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao.

A veciñanza do concello do Saviñao leva anos agardando pola construción dun novo centro de saúde. Un proxecto comprometido pola Xunta de Galiza mais que acumula unha década de retrasos.

En febreiro de 2018 o Grupo parlamentario do BNG impulsou un acordo unánime no Parlamento para instar o Goberno galego a cumprir os seus compromisos e que a construción do centro de saúde se levase a cabo antes de finalizar a X Lexislatura. Meses máis tarde e en resposta a unha pregunta escrita formulada polo grupo nacionalista, a Xunta de Galiza sinalou que a obra foi licitada en decembro de 2018 fixando un prazo de execución da mesma de 12 meses por un importe de 1.138.455,05 euros con IVE.

En marzo de 2019, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, a Xunta adxudica a obra á empresa COPCISA S.A. que iniciou as obras en xuño deste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano. Porén, aos poucos días estas foron paralizadas por un embolsamento de auga.

Por todo o exposto con anterioridade formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- En que estado se atopan actualmente as obras de construción do novo centro de saúde do concello do Saviñao?
- A que se debeu a súa paralización ao pouco de iniciar a cimentación?
- Que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?
- Cre o Goberno galego que o centro de saúde estará rematado no prazo previsto e con todas as garantías?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2019 17:53:49

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2019 17:54:00

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2019 17:54:10

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2019 17:54:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/09/2019 17:54:26

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2019 17:54:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a implantación da coeducación nos centros de ensino público de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

“A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”.

Así define a coeducación o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galiza 2016-2020 que sitúa como primeiro dos seus eixos “afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas”.

Porén, malia que a Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia machista exige a elaboración por parte do Consello escolar de Galiza, en colaboración co departamento da Xunta competente en materia de igualdade, dun informe anual sobre a situación da coeducación e a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza (artigo 22.3), este non se ten feito.

Neste senso, descoñécese cal é a realidade concreta da implantación dun ensino realmente coeducativo no noso país, cantos centros contan con Plans de igualdade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cantos con persoas e/ou equipas que traballen de maneira integral neste ámbito coordinando as actividades en igualdade e coeducación.

Para o Bloque Nacionalista Galego o sistema educativo é un espazo chave na loita contra a violencia machista e a prol dunha sociedade xusta e democrática na que ningunha persoa sexa discriminada por razón de sexo, identidade de xénero ou orientación sexual.

Por todo o exposto anteriormente formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cantos centros de ensino galego contan con plans de igualdade?
- Cantos centros de ensino contan cunha persoa responsábel e/ou unha equipa que coordine as actividades en materia de igualdade e coeducación?
- Con que orzamento e recursos (materiais e humanos) contan os centros para desenvolver accións nesta materia?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza do grao de implantación da coeducación no noso país?
- Coida o Goberno galego compatíbel financiar centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas coa promoción da coeducación?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2019 18:33:41

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2019 18:33:51

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2019 18:33:57

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2019 18:34:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2019 18:34:13

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2019 18:34:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

A mediados de setembro de 2019 producíronse varias situacións de colapso nas Urgencias do HULA.

Segundo denuncia a CIG Saúde, a situación máis extrema produciuse o 16 de setembro. Segundo explica a central sindical, “hai en Urgencias 9 doentes en espera de cama para ingresar en planta e 5 máis para ingresar en Observación. Á súa vez Observación ten 6 doentes á espera de cama en planta”.

Sen embargo, continúa a haber 102 camas pechadas no HULA, das cales non se botou man para eliminar as agardas en Urgencias.

Tamén denunciou a CIG-Saúde de Lugo que “os reforzos son escasos e precarios. Neste sentido sinalan que esta noite reforzouse o servizo de urgencias cunha DUE de 00:00 horas a 07:00 da mañá aínda sendo necesario para a quenda completa (22:00 – 08:00) para non pagar os incentivos que tería unha quenda de noite completa, afondando así na precariedade laboral, ademais da asistencial”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Cantas camas pechadas hai no HULA a data de 17 de setembro de 2019?
- A que se deben as agardas en Urgencias e a situación de colapso de mediados do mes de setembro de 2019?



- Con cantos reforzos e en que quendas foi necesario dotar o servizo de
Urxencias do HULA no mes de setembro de 2019?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2019 12:39:31



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

En xuño de 2018 foi firmado un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a catedral de Santiago polo que a dita Axencia, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, sufragaba con 210.000 euro un libro compilatorio sobre a *Domus Iacobi* que quere realizar a propia catedral.

Segundo as cláusulas do convenio todo o desenvolvemento desta obra, que contará con dou tomos queda totalmente en mans da catedral de Santiago, sen especificar que persoa a dirixe. Tampouco sabemos quen é a equipa de oito historiadores e historiadoras da arte, un teólogo e un investigador museolóxico que participan.

Nestas datas deberían estar finalizados as dúas primeiras fases da elaboración do primeiro tomo, os estudos dos participantes e varios seminarios que se prevían para xaneiro-abril de 2019, e a primeira fase do segundo.

O orzamento total, como dicíamos, é de 210.000 euros que aportará a Axencia de Turismo en tres anualidades, 2018, 2019 e 2020.

Chama a atención que este elevadísimo orzamento non estea desglosado. Non sabemos quen vai a confeccionar a obra nin canto van cobrar os autores, como será a edición, o número de exemplares que se imprimirán nin canto custarán, entre outros moitos elementos, e chama a atención tamén que aportando 210.000 euros, que equivalen aproximadamente a dez anos de axudas da Xunta de Galicia a un grupo de investigación de excelencia en humanidades, a Consellería de Cultura non teña un responsable propio que supervise a calidade científica dunha obra deste prezo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é a situación actual desta edición sobre a catedral de Santiago?
- 2.^a) Que expertos participan nesta obra?



- 3.^a) Participou a Xunta de Galicia na decisión de que expertos deben participar na redacción desta obra?
- 4.^a) Hai algún responsable da Consellería de Cultura e Turismo supervisando a realización desta obra dende os puntos de vista científicos e económicos?
- 5.^a) Cal é o desglose do gasto en partidas do orzamento final?
- 6.^a) Cantos exemplares serán editados?
- 7.^a) Cal será o prezo final de cada un?
- 8.^a) Quen é o director ou directora desta edición?
- 9.^a) Baixo que criterios aceptou a Consellería de Cultura e Turismo sufragar esta obra con unha cantidade de diñeiro tan elevada?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 18/09/2019 12:53:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/09/2019 12:53:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2019 12:53:52



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O concello de Ribeira conseguiu a distinción de municipio de interese turístico no ano 2001.

Segundo declaracións do seu alcalde o proxecto Ribeira Atlántica 2020, prolongación do Ribeira Atlántica 2015, modernizaría a cidade. Este proxecto estaba, baseado en catro alicerces, sendo os seus eixos básicos a accesibilidade, o turismo e o desenvolvemento de zonas atrasadas.

Os alicerces, segundo e terceiro, referíanse a unha *Ribeira Eficiente* cuxo obxectivo era abrir a cidade ao mar para mellorar a calidade de vida e a mobilidade, cun investimento de 1,5 millóns (25 %), e a unha Ribeira turística enfocada a poñer en valor o seu patrimonio cultural e natural e a humanización da contorna urbana e industrial con 1,6 millóns de euros de orzamento (27 %).

Na presentación do dito proxecto o propio alcalde manifestou que o turismo é unha prioridade no seo do equipo de goberno. «para que Ribeira despegue definitivamente no eido turístico baseándose nos seus recursos diferenciais relacionados coa natureza (flora e fauna protexida), ou mar (océano Atlántico e ría de Arousa) e a gastronomía (conserveiras, pesca de baixura, festas e xornadas culinarias)».

Este proxecto foi financiado pola Unión Europea, mediante os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (Feder) con algo máis de cinco millóns de euros para a súa posta en marcha (algo máis do 70 %). Entre as súas actuacións atopábase a construción dun paseo marítimo-terrestre polo bordo do litoral de Ribeira.

Na actualidade o espazo natural e cultural recuperado na praia do Castro en Punta Castiñeiras está a verse ameazado pola construción dunha depuradora de mariscos no seu porto. Esta actuación provocou e provoca o malestar da veciñanza de Castiñeiras, xa que se atopa no enclave do parque e das praias de Castiñeiras.



Cómpre salientar que a área de afección do proxecto é considerada de Fraxilidade paisaxística pola súa localización e debido tamén á proximidade de espazos de interese natural protexidos, como o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e o parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.

O día 20 de maio de 2014 a empresa, Triñanes e Pego, presenta solicitude de concesión e desde Portos comunícanlle que a documentación que presentou está incompleta e solicítanlle a que debe achegar.

Desde o primeiro momento comezan a darse unha serie de presuntas irregularidades que se prolongan no tempo e que ao noso entender non teñen un encadre legal.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valorou a Xunta de Galicia, ante o malestar xerado na veciñanza a posibilidade de instalala noutro enclave?

2ª) Conta este proxecto cos informes favorables e licencias esixidos pola normativa vixente?

3ª) Ten a área afectada a consideración de fraxilidade paisaxística? Se for o caso, Cre a Xunta de Galicia que a instalación respecta esa cualificación?

4ª) Debería ter o proxecto unha Avaliación de Impacto Ambiental, se for o caso, conta con ela?

5ª) Cales son as razóns que xustificaron as continuas prorrogas por parte de Portos de Galicia aos prazos legalmente establecidos?

6ª) Considera a Xunta de Galicia que a actuación administrativa respecta o procedemento legalmente establecido?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:





María Teresa Porritt Lueiro na data 17/09/2019 16:37:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 16:37:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2019 16:38:15

María Luisa Pierres López na data 17/09/2019 16:38:28



Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O concello de Ribeira conseguiu a distinción de municipio de interese turístico no ano 2001.

Segundo declaracións do seu alcalde o proxecto Ribeira Atlántica 2020, prolongación do Ribeira Atlántica 2015, modernizaría a cidade. Este proxecto estaba, baseado en catro alicerces, sendo os seus eixos básicos a accesibilidade, o turismo e o desenvolvemento de zonas atrasadas.

Os alicerces, segundo e terceiro, referíanse a unha *Ribeira Eficiente* cuxo obxectivo era abrir a cidade ao mar para mellorar a calidade de vida e a mobilidade, cun investimento de 1,5 millóns (25 %), e a unha Ribeira turística enfocada a poñer en valor o seu patrimonio cultural e natural e a humanización da contorna urbana e industrial con 1,6 millóns de euros de orzamento (27 %).

Na presentación do dito proxecto o propio alcalde manifestou que o turismo é unha prioridade no seo do equipo de goberno. «para que Ribeira despegue definitivamente no eido turístico baseándose nos seus recursos diferenciais relacionados coa natureza (flora e fauna protexida), ou mar (océano Atlántico e ría de Arousa) e a gastronomía (conserveiras, pesca de baixura, festas e xornadas culinarias)».

Este proxecto foi financiado pola Unión Europea, mediante os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (Feder) con algo máis de cinco millóns de euros para a súa posta en marcha (algo máis do 70 %). Entre as súas actuacións atopábase a construción dun paseo marítimo-terrestre polo bordo do litoral de Ribeira.

Na actualidade o espazo natural e cultural recuperado na praia do Castro en Punta Castiñeiras está a verse ameazado pola construción dunha depuradora de mariscos no seu porto. Esta actuación provocou e provoca o malestar da veciñanza de Castiñeiras, xa que se atopa no enclave do parque e das praias de Castiñeiras.



Cómpre salientar que a área de afección do proxecto é considerada de Fraxilidade paisaxística pola súa localización e debido tamén á proximidade de espazos de interese natural protexidos, como o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e o Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

O día 20 de maio de 2014 a empresa, Triñanes e Pego, presenta solicitude de concesión e desde Portos comunícanlle que a documentación que presentou está incompleta e solicítanlle a que debe achegar.

Desde o primeiro momento comezan a darse unha serie de presuntas irregularidades que se prolongan no tempo e que ao noso entender non teñen un encadre legal.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se as obras están dentro da afección dunhas ruínas da antiga fábrica de salgado?

2ª) Debería contar este proxecto coa autorización de Patrimonio Cultural? Se for o caso, conta con ela?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 17/09/2019 16:43:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/09/2019 16:43:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/09/2019 16:43:33

María de la Concepción Burgo López na data 17/09/2019 16:43:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**.

O Parque da Natureza do Lago Castiñeiras está situado no outeiro do monte San Xulián, en Cotorredondo (Pontevedra).

Emprazado na zona central da Península do Morrazo, pertence a dous termos municipais: Concello de Marín (na parte Norte) e Concello de Vilaboa (cara ó Sur). Ocupa na actualidade unha superficie de 70 Ha, e se atopa a unha altitude media de 400 m. sobre o nivel do mar.

No parque existen interesantes xacementos arqueolóxicos do período Megalítico e da Idade do Bronce, como mámoas e petróglifos, que conforman o chamado “Chan de Castiñeiras”, presidido pola “Mámoa do Rei”, unha das máis grandes de Galicia, recentemente restaurada.

O Parque constitúe unha importante zona de refuxio e cría para centos de especies de animais silvestres. No lago crían de xeito estable parrulos, e os regatos que o alimentan e a xunqueira acollen zonas preservadas para a cría de numerosos anfibios.

Os réptiles están representados en gran variedade de especies de lagartos, lagartixas cobras e luciós.

Un contorno forestal diverso atrae a dúcias de especies de aves en todas as épocas do ano, e son cada vez máis frecuentes as visitas de mamíferos que nos deixan o sinal do seu paso nas pegadas e rastros que podemos atopar.

No interior do parque pódense atopar máis de 40 especies diferentes de árbores e arbustos, así como plantas, feitos, musgos, liques, fungos e algúns cogomelos.



Destacan exemplares de grande interese botánico que forman unha complexa e harmonica rede de microsistemas forestais.

No Parque da Natureza de Cotorredondo e a Lagoa Castiñeiras, desenvólvese dende fai trinta anos un Proxecto de Educación Ambiental e Interpretación do Patrimonio, aberto durante todo o ano.

Dirixido a grupos organizados, pertencentes tanto ó sistema educativo como a calquera outro colectivo que o demande, facendo actividades que van dende encontros coa natureza ou a humanidade e natureza a través do tempo, ata itinerarios ambientais estacionais ou rastros do bosque (pegadas, rastros e sinais).

O longo deste ano, ocorreron unha serie de desfeitas medioambientais que nos preocupan e moito, non só polo estrago medio ambiental que alá se consentiu, senón tamén polo cambio das actividades respectuosas co medio que alá se estaban a desenrolar.

Ducias de pistas feitas “*ad hoc*” para a práctica de descenso de mountain bike, están a estragar este fermoso paraxe, non só medio ambientalmente, senón que incluso imposibilitan a práctica con normalidade de actividades que alá se fan como pode ser o sendeirismo.

O propio Concello de Marín foi o promotor dun roteiro que a día de hoxe está atravesado polo circuito de BTT, algo altamente perigoso para os/as practicantes que van a pe.

Na propia execución das pistas houbo movementos de terra moi grandes (posiblemente coa chegada das choivas se produzan escorrentías), cortáronse árbores, craváronse sinais en patrimonio natural, así como o abandono de múltiple material como poden ser palots de obra ou bidóns baleiros.

Estando a favor da práctica do deporte, esta nunca ten que ir en contra do noso medio natural, senón que ten que ser todo o contrario. Deporte...por suposto, pero co máximo respecto o medio.

Calquera celebración dun acto neste entorno, debe de desenrolarse mediante orde, estando suxeito ao correspondente instrumento de planificación, ordenación ou xestión do mesmo.

A propia Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 88 di:



1. A Administración forestal e os propietarios poderán fomentar a creación e a mellora de montes periurbanos para fins sociais e educativos, e regularán o seu gozo baixo o principio do respecto ao medio natural.

2. A realización de actos, incluíndo os deportivos de motor, que leven consigo unha afluencia de público indeterminada ou extraordinaria, ou de actividades relacionadas co tránsito motorizado, desenvolverase mediante orde e estarán suxeitos ao disposto no correspondente instrumento de planificación, ordenación ou xestión. Na ausencia do dito instrumento, será solicitada a autorización da Administración forestal polo promotor do acto ou da actividade, que deberá acreditar a autorización expresa do titular. O promotor será o responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse.

A solicitude de autorización farase cun prazo mínimo de tres meses antes do desenvolvemento do acto ou da actividade. O prazo para outorgar esta autorización administrativa será de dous meses, transcorridos os cales sen que se dite resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

Nos montes incluídos na Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, así como, en todo caso, na realización de actos relacionados coa caza ou coa pesca fluvial, as autorizacións serán competencia, nos mesmos termos, do órgano competente en materia de conservación da natureza.

3. Deberanse manter os montes limpos de residuos, quedando prohibidos a vertedura ou o abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais. As persoas responsables das verteduras e do abandono de residuos veranse obrigadas á súa recolla e retirada e á restauración dos terreos afectados, sen prexuízo da indemnización que se poida reclamar polos danos causados. Non terán consideración de residuo os restos forestais producidos como consecuencia das actividades silvícolas. As administracións competentes poderán executar a súa recolla e repercutirán os custos que esta poida ter nas persoas responsables.

4. Para a sinalización, prohíbese cravar ou esgazar con calquera elemento, manual ou mecánico, as árbores de forma tal que se lles produzan dano ou feridas, agás aquelas que se produzan como consecuencia dos labores de sinalamento para o seu posterior aproveitamento.



Visto que a día de hoxe se seguen a realizar estas prácticas deportivas non respectuosas co medio natural no Parque da Natureza de Cotorredondo, dende o Grupo Parlamentario Mixto realizamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2ª:

1. É coñecedora a Consellería de Medio Ambiente das obras de acondicionamento dunha pista de Bike Park nas instalacións do citado parque da natureza?
2. É coñecedora a Consellería de Medio Ambiente do resto de materiais que quedaron tirados pola contorna o remate da creación da pista?
3. É coñecedora a Consellería de Medio Ambiente dos danos que sufriron árbores ou outros elementos naturais o ser utilizados para cravar carteis ou outros elementos?
4. Posúen os promotores destas obras dos pertinentes permisos para a execución das obras do circuíto?
5. Posúen os promotores das diferentes probas de BTT que alá se realizan dos pertinentes permisos para a realización das mesmas?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2019 13:59:51





Luis Villares Naveira na data 18/09/2019 14:00:04

Francisco Casal Vidal na data 18/09/2019 14:00:16

Paula Vázquez Verao na data 18/09/2019 14:00:32



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os meses de verán tenden a xerar certas dificultades de xestión no sistema sanitario pola necesidade de conxugar as vacacións do persoal que traballa regularmente no sistema coa calidade asistencial que se precisa para dar servizo á cidadanía. En todo caso, a previsibilidade dos cadros horarios e de quendas dos/as profesionais manéxase con tempo de antelación para que os responsables de xestión poidan desenvolver as previsións axeitadas.

No caso específico da atención primaria en centros de saúde e de atención urxente nos PAC, a situación debe regularse por normativas estandarizadas preexistentes, que delimitan o volume de profesionais necesario para cada centro sanitario, así como as dotacións de equipos e materiais no caso da atención urxente.

De maneira específica, semella natural ter en conta os fluxos poboacionais existentes no verán, que tenden a desprazarse cara poboacións de costa, nomeadamente as máis destacadas en termos turísticos. A isto súmanse as celebracións específicas de cada localidade/zona e os eventos culturais ou deportivos, tamén moi presentes nestas épocas e, especialmente, nos lugares xa sinalados de maneira turística. A comarca de O Salnés conta con varios puntos de acumulación de poboación de maneira notoria durante o verán, é un entorno que precisa especial atención durante estas situacións, para que o sistema de saúde poida dar as respostas necesarias no caso de necesitalas.

Non en tanto, este verán de 2019 resultou ser o máis caótico e desorganizado que se lembra na xestión do sistema público de saúde. Existen numerosos exemplos que sinalan unha falta de previsión e un resultado nefasto da política de recortes do Goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia. O centro de saúde de



O Grove sufriu a ausencia nalgunha ocasión de ata 5 dos 6 médicos/médicas que teñen praza, o que imposibilita que 1 soa persoa poida afrontar o traballo de 6. Existiron ocasións diversas no verán onde o PAC de Vilagarcía contou con soamente 1 facultativo/a cando debiera ter 3 debido ao volume de poboación que atende. Isto provocou que o PAC quedara varias veces sen facultativo/a presente ante a chegada de cidadáns, por ter que ter saído a unha urxencia. Notorio é o caso do PAC de Baltar (Portonovo), que convértese no PAC de referencia para un volume de poboación dos maiores de Galicia no verán, e que veu como incluso a falta de previsión levou a que algún profesional de PAC próximos tivera que deixar a súa praza nalgún día para trasladarse durante a quenda a Baltar.

A estas deficiencias súmanse as necesidades nunca resoltas en termos de infraestruturas, coas reivindicacións dos necesarios centros de saúde de O Grove, Vilagarcía (e o moi próximo de Caldas, que repercute tamén na atención dalgúns veciños da comarca). Tamén as demandas sobre unha correcta dotación de recursos materiais no servizo de urxencias, como é a dotación dunha ambulancia medicalizada completa e totalmente dotada de material e recursos humanos, son un debate eterno no que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia segue a dar as costas aos veciños e veciñas de O Salnés.

A tremendamente deficiente cobertura das baixas e vacacións (practicamente nula) deixa en problemas a calidade asistencial, así como os recortes de persoal nos centros de saúde, xa que os pacientes que non son atendidos a tempo no horario estandarizado (por estar os/as profesionais saturados ao ter que asumir os cupos dos ausentes) acoden ao PAC recargando o volume asistencial.

Durante os últimos 10 anos, o goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia deixou de solicitar ata 150 prazas de formación MIR para especialistas en medicina de familia e comunitaria, o que sumado á deficiente política de Recursos Humanos que paralizou os acordos de progresiva mellora das condicións laborais contribuíu, indubidablemente, a que Galicia se converta nunha das comunidades autónomas de España que peores condicións ofrece aos



profesionais sanitarios. Esta situación provocou a conseguinte perda de capacidade para reter facultativos, profesionais de enfermería, auxiliares, etc.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a atención primaria para o verán 2019 na comarca de O Salnés?
2. Considera a Xunta de Galicia que as saturacións de pacientes por profesional son aceptables?
3. Como valoraría a Xunta de Galicia a existencia agora de 150 profesionais de medicina de familia e comunitaria se os tivera formados agora para reforzar o sistema sanitario público?
4. Ten a Xunta de Galicia contratados de maneira estable a todos/as facultativos/as de atención primaria e PAC posibles para dar servizo no sistema sanitario público?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2019 17:46:13

Noela Blanco Rodríguez na data 18/09/2019 17:46:24



Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Aurelio Nuñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marian García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego.**

O hospital de Montecelo, construído nos anos 70, ten pasado por numerosos episodios de ampliación e reformas.

En xullo do 2016, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar a ampliación do hospital e para a dotación das infraestruturas e servizos necesarios.

O seguinte paso foi a licitación e a adxudicación do Plan de Espazos e Plan Funcional. Estes documentos se elaboraron acometendo un proceso de participación social recollendo achegas, suxerencias, etc. tanto dos profesionais como dos pacientes/usuarios dos centos integrantes do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

No DOG do 9 de agosto de 2017 publicouse o anuncio e licitación da contratación do servizo de elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital de Montecelo (Pontevedra), e da redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa da fase I da obra de construción do Gran Montecelo.

O 16 de febreiro de 2018 formalizouse o contrato coa UTE formada por Estudio Chile 15 S.L.P., Gau Arquitectura e Urbanismo S.L.P. e JG Ingenieros para a elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do anteprojecto para a reforma e ampliación do Hospital Montecelo e a redacción do proxecto básico e execución da fase I da obra de construción Gran Montecelo.

O 7 de xuño de 2018 o Consello da Xunta aprobou a declaración de interese supramunicipal do Proxecto sectorial para a ampliación do Hospital Gran Montecelo.



Dentro de la tramitación preceptiva o 20 de xuño de 2018 remitiuse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o proxecto sectorial de incidencia municipal para o trámite de avaliación ambiental.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático someteuno a consulta pública por un prazo de 45 días hábiles. Finalizadas as consultas desde a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático dictouse resolución de alcance cunha serie de recomendacións a ter en conta na elaboración definitiva do proxecto sectorial. Esta resolución recibíuse no SERGAS o 31 de agosto de 2018.

En xaneiro deste ano someteuse o proxecto sectorial a información pública, e foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 26 de xullo.

Por elo, os deputados asinantes formulan a seguinte **pregunta oral** para ser respostada ante o **Comisión**:

-Cales son as previsións do goberno da Xunta en relación á licitación da obra do Hospital Gran Montecelo e ao comezo da mesma?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 18/09/2019 18:06:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 18/09/2019 18:07:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/09/2019 18:08:17

María Ángeles Garcia Míguez na data 18/09/2019 18:08:33

Marta Rodriguez Arias na data 18/09/2019 18:09:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 18/09/2019 18:09:24

María Soraya Salorio Porral na data 18/09/2019 18:09:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/09/2019 18:09:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG6JHGqblP7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**.

As mulleres do rural raramente son o foco de atención, polo que os desafíos aos que se enfrontan non soen ser tidos en conta, xa que non soen ser escoitadas nin as súas opinións valoradas.

É primordial que se recoñeza non so a gran contribución das mulleres no campo, na produción agrícola, etc. senón tamén que ese recoñecemento se traduza en políticas que transformen a realidade do rural coa presenza e participación activa das mulleres.

As mulleres do medio rural enfróntanse a grandes desafíos como as dificultades de acceso aos diferentes recursos (propiedade da terra, educación...) á invisibilización do seu traballo (gran parte das actividades produtivas que realizan están ligadas ao ámbito doméstico, menos valorado socialmente que outros ámbitos), etc.

Coidar aos/ás fillos/as, coidar dos/as familiares maiores, asumir a xestión doméstica, traballar no campo, etc., son tarefas habituais que realizan maioritariamente as mulleres, carecendo en moitas ocasións de vacacións e do máis mínimo recoñecemento pola súa labor. Son moitas, pero invisibles.

A continuidade de determinados ecosistemas e formas de produción e vida no rural dependen do mantemento dunha estrutura social mínima e os seus cimentos básicos son as persoas, nomeadamente, as mulleres, que queren ter os mesmos dereitos polo mesmo traballo, que queren protagonizar as súas vidas sen



dependen de ninguén, acceder ao mercado laboral, ocupar postos de representación, formarse, informarse, etc., etc.

A modo de exemplo, a titularidade compartida é un primeiro paso para a visibilización do traballo de agricultoras e gandeiras nas explotacións familiares (titularidade que ata non fai tanto tempo era case exclusiva dos homes, alcanzando estes aproximadamente o 72%), pero a burocracia, desidia por parte das administracións e falta de información para as mulleres fixo que o seu espazo figurativo fose ínfimo.

Para fixar poboación no rural é preciso facer unha análise de cada contexto concreto, e adecuar as medidas á realidade social de cada un, inda que haxa eixos comúns:

É fundamental a procura, estímulo e impulso de novos xacementos de emprego, a atención ás aspiracións e expectativas das mulleres xoves que seguen no medio rural, a apertura á participación das mulleres en tódolos aspectos da vida local, non so en actividades agrícolas senón buscando fórmulas innovadoras, sen esquecer necesidades sociais que teñen vetas sen cubrir (ampliación de recursos de Servizos Sociais en servizos de proximidade, fomento do cooperativismo e a economía social no sector dos coidados, do fomento do turismo social, etc.).

Para que estas potenciais propostas teñan sentido pleno, é fundamental traballar e por en valor (no canto de desmantelar como se tenta facer dun tempo a esta parte) a descentralización de certos servizos, recursos e equipamentos. Un axeitado transporte público no rural e a conexión coas vilas e cidades próximas é algo esencial.

Tódalas políticas públicas teñen que abordar e buscar solucións ás especificidades do medio rural, que son moitas e diversas (despoboamento, illamento, carencia de recursos públicos de proximidade, etc.). E unha cousa é



5. Considera o goberno galego a posibilidade dunha intervención pública, da Xunta ou da SEPI, para garantir a continuidade do estaleiro e subrogar o persoal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Fixo a Xunta de Galiza algún estudo sobre a posibilidade de desenvolver na actual Vulcano ou noutro emprazamento o Centro de Reparación Naval da Ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 17:36:55

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 17:37:02

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 17:37:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 17:37:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 17:37:26

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 17:37:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á consistencia ou non dos novos anuncios publicitarios respecto da construción naval na excursión do Presidente Feijóo a Arxentina.

O pasado 19 de setembro de 2019 asistimos a un novo anuncio por parte do Presidente da Xunta de Galiza relacionado coa construción naval nunha excursión. Desta volta durante a expedición a Arxentina coincidindo no tempo, casualmente, coa preocupación no sector pesqueiro pola posíbel afectación das prospeccións petrolíferas arxentinas aos caladoiros que emprega o noso sector, coa preocupación pola situación do sector naval ao producírense despedimentos no sector auxiliar e coa inminente convocatoria de eleccións.

Segundo informa literalmente a nota de prensa da Xunta de Galiza o Presidente <<abordou hoxe co ministro de Agricultura, Ganadería y Pesca do Goberno arxentino, Luis Miguel Etchevehere, numerosos asuntos de interese para a viabilidade das empresas galegas e para a pesca de Galicia, entre os que destacou o acordo para que case a metade dos barcos que operan en augas arxentinas poidan construírse en estaleiros galegos.



“No eido da renovación da frota, o ministro destacou que a previsión que teñen é a de construír barcos por un importe de 2.500 millóns de dólares, entendendo que a metade, aproximadamente, desa carteira de pedidos se poderán construír en estaleiros galegos”, dixo, confirmando ademais o acordo de rebaixa do 14% ao 7% dos aranceis para a construción de barcos de máis de 30 metros que se fagan fóra de Arxentina.>>

Vistos os precedentes das promesas de Pemex que resultaron xa non só incumpridas senón nunha operación que está sendo investigada por indicios de corrupción, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que é necesario ter máis información ao respecto e que sexa esclarecido.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cando prevé o goberno galego que cristalizarán as súas promesas respecto da construción da metade da frota arxentina?

En que consiste o acordo co goberno? En que data se asinou?

Ten memoria económica? Que aspectos recolle?

En que asteleiro ou asteleiros se construírá esa frota?

Que volume de traballadores precisará?

Cal é o horizonte que se manexa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son os tipos de barco e número destes que se desenvolverán?

Que significa “case a metade”?

Con “barcos que operan en augas arxentinas” refírese só aos barcos de propiedade arxentina? Considera a Xunta de Galiza que esa descrición é rigorosa?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 13:25:31

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 13:25:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 13:25:45

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 13:25:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 13:26:01

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 13:26:09





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Durante os últimos meses puidemos constatar como a inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensualidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento no marco dun espectáculo alongado no tempo no que se evidenciou asemade a insuficiencia da nosa relación económica co Estado e a falta de seriedade e de unidade de criterios deste.

Máis aínda, puidemos constatar o fracaso da estratexia da Xunta de Galiza, pois non só non arrancou o compromiso necesario por parte do goberno central senón que desbotou, presuntamente, recorrer á vía xudicial malia ter encargado un informe xurídico. Neste contexto resultan difíciles de crer as súas afirmacións respecto da posibilidade de que no caso de incorrer en déficit se lle reclame a asunción ao goberno central.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como vai evitar a Xunta de Galiza as consecuencias negativas da inxusta relación económica de Galiza co Estado español?

Vai rectificar e pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Ten pensado a Xunta de Galiza incorrer en déficit?

E aumentar a débeda?

Vai reclamar que o goberno central asuma os custos de incorrer en déficit ou de aumentar a débeda? De que forma?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarmos con outro sistema de financiamento?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 13:38:50

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 13:39:01

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 13:39:07

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 13:39:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 13:39:33

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 13:39:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento dta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O Centro de Saúde da Pastoriza conta con tres prazas de Medicina Xeral.

Recentemente, asociacións veciñais da localidade denunciaron a perda de servizos sanitarios pola xubilación este verán de 2019 dun deses tres médicos, tendo en conta, ademais, que ata hai uns anos había 4 prazas de Medicina Xeral no Centro de Saúde da Pastoriza, que, ademais, tamén prestan servizo no consultorio de Bretoña, no mesmo Concello.

Deste xeito, a veciñanza sinala que o Sergas está a cubrir a praza mediante interinidade ou contratos temporais, e trasladan que “ os continuos cambios dificultan que o médico poida coñecer ben o historial do paciente, máis aínda debido á carga de traballo que soportan os médicos de atención primaria, e resulta evidente que o facultativo non pode ler e estudar o historial médico de cada paciente nunha consulta de 10 minutos”.

Así, os e as representantes das asociacións veciñais solicitan unha reunión “á maior brevidade” co Conselleiro de Sanidade, coa finalidade de pedir prazos concretos para a cobertura da terceira praza de médico/a no Centro de Saúde da Pastoriza.

Ademais, a veciñanza da Pastoriza denuncia problemas coa atención pediátrica, pola non cobertura das vacacións, baixas e permisos. Este servizo, na Pastoriza, está compartido co Concello de Meira, estando dous días na Pastoriza e tres en



Meira. Cando non hai servizo nestes concellos, a poboación en idade pediátrica debe acudir a Vilalba para a súa atención, a uns 30 km da capital municipal da Pastoriza.

Asemade, a veciñanza da Pastoriza ten como referencia para atención urxente o PAC de Meira, igual que os concellos de Meira, Ribeira de Piquín, Pol e A Pontenova, PAC que só ten unha equipa médica de garda, co cal, “cando se dá unha urxencia domiciliaria e o equipo de garda se ten que desprazar a aldeas afastadas do PAC, pois este queda descuberto. Se nese momento unha persoa acode a urxencias non hai quen o atenda, ocasionando largas esperas ata que o médico está de volta”, denuncian, unha situación que aumenta o risco para a poboación.

A Pastoriza ten unha poboación de 3.056 habitantes, Meira, 1.711, Ribeira de Piquín, 543, Pol, 1.616 e A Pontenova, 2.233.

Así, o PAC de Meira presta servizo a unha poboación dunhas 10.000 persoas, cubrindo un extenso territorio.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Cando vai recibir a Consellería de Sanidade ás asociacións veciñais da Pastoriza?
- Vai a Xunta cubrir de forma fixa a terceira praza de Medicina Xeral no CS da Pastoriza? En que data?
- Como vai mellorar a cobertura pediátrica no Concello da Pastoriza?
- Vai aumentar unha equipa médica no PAC de Meira?



Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 20/09/2019 13:45:59



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A seguridade viaria, e nomeadamente a dos peóns, é un dos obxectivos estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, que considera este colectivo dentro do que denomina usuarios vulnerables.

En concreto, formúlase como obxectivo reducir a siniestralidade viaria das persoas usuarias vulnerables, sendo responsable das medidas precisas para acadar este obxectivo a Axencia Galega de Infraestruturas.

Veciños e veciñas da Laracha quéixanse do exceso da velocidade nalgúns tramos do termo municipal, que afectan a distintas estradas. Pero un dos máis sinalados é o que se sitúa na estrada de titularidade autonómica AC-552, entre A Telleira – Cancelo do Medio (San Román-Cabo-Vilaño, concello da Laracha), entre o punto quilométrico 22 e 23 da AC-552.

Hai unha sinal (ao final da Avenida de Finisterre) que indica o fin de prohibición de ir a unha velocidade superior a 70 km/h e, rematada esta limitación, existe un tramo de máis dun quilómetro de lonxitude desta estrada sen ningún tipo de restrición, tramo densamente poboado a ambos lados da estrada cunha configuración cuasi-urbana.

Ata chegar ao lugar onde se atopa o Lar de Pacheco e ao cruce coa urbanización existente, non hai outra limitación; hai unha sinal que limita a velocidade a 70 km/h e que a día de hoxe non é respectada por ninguén, incluso se duplica a velocidade nos fines de semana.

Non debemos esquecer que o feito de cruzar a estrada é algo habitual e mesmo necesario para a veciñanza destes lugares e que hai persoas que presentan problemas de mobilidade o que incrementa o tempo necesario para realizar ese cruzamento.



Por outro lado, o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viario, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo establece no seu artigo 139 que corresponde ao titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viarias.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a situación existente entre os puntos quilométricos 22 e 23 da estrada autonómica AC-552 no concello da Laracha?
2. Considera que a falla de limitación de velocidade neste tramo por debaixo da xenérica supón un perigo para a veciñanza?
3. Ten intención de establecer unha limitación de velocidade no tramo sinalado que garanta a seguridade dos peóns, así como acometer as actuacións necesarias sobre a estrada de xeito que as limitacións se cumpran de xeito efectivo?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2019 17:17:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Luisa Pierres López na data 20/09/2019 17:17:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/09/2019 17:17:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

Os traballadores e traballadoras da Radio Galega veñen de presentar un informe no que volven alertar das precarias condicións nas que desempeñan as súas tarefas. Segundo os profesionais, “a dirección actual da Radio Galega está desmantelando deliberadamente a emisora pública e afundíndoa a uns niveis que non se recordan nos seus trinta e catro anos de historia”.

No informe “O desmantelamento da Radio Galega”, os traballadores e traballadoras do medio denuncian que as condicións laborais estanse deteriorando en tódalas áreas, comprometendo, desa maneira, a calidade final do servizo.

No que atinxe aos programas, os profesionais da Galega denuncian:

- Que gran parte do contido programado para o verán está “enlatado” e xa foi emitido con anterioridade, o que contribúe “a unha merma absoluta da calidade dos contidos e á perda da esencia radiofónica do directo”.
- Que os contidos carecen de pluralidade no seu enfoque, de rigor e profundidade.
- Que desapareceu a organización en equipos e foi substituída por unha organización xerárquica e individualizada.
- Que se prescinde de xente de programas de xeito sistemático,
- Que o Diario Cultural, un programa histórico cun longo percorrido de 28 anos, foi substituído por “colectores culturais” sen personalidade.



No que respecta aos informativos, advírtese:

- Que as desconexións locais desapareceron e que, consecuentemente, se deixou de cubrir a información de proximidade.
- Que se privilexia a información política que provén de fóra de Galicia.
- Que o Partido Popular de Galicia recibe un trato preferente nos informativos.
- Que a implantación de quendas trimestrais imposibilita a creación de equipos de traballo, prexudicando aos traballadores e traballadoras.
- Que a organización do traballo no departamento de informativos é caótica e aleatoria, non existindo ningunha especialización dentro do departamento.
- Que a falta de organización provoca que os redactores reciban instrucións confusas e imprecisas de orixe descoñecida que nin sequera poden ser discutidas.

No eido dos deportes, o informe lamenta:

- Que non se están a cubrir as prazas do persoal prexubilado e xubilado.
- Que se está recorrendo á figura do “colaborador” en detrimento do persoal fixo.
- Que o servizo de deportes continúa sen ter persoal propio de produción de luns a venres.
- Que non se respectan as 12 horas de descanso entre as xornadas laborais, sobre todo cando se producen desprazamentos.
- Que non se conta cun parque móbil adecuado ás necesidades dos traballadores.
- Que as dietas están conxeladas dende o ano 2003.



Sobre as delegacións, os profesionais da Radio Galega subliñan:

- Que a información local desapareceu e foi substituída por contidos carentes de interese.
- Que non hai técnicos de son asignados nas delegacións da RG.
- Que nas instalacións non se conta con medios nin tan sequera para inserir música nunha reportaxe.
- Que non se favoreceu a posibilidade de compartir audios coa TVG.

Xa por último, no escrito remitido polos traballadores e traballadoras da radio pública, condenase que as emisións:

- Contan cun software que xa está obsoleto.
- Rara vez se producen en exteriores.
- Abusan das conexións en directo sen técnico de son.
- Teñen que recorrer a Youtube e Spotify para abastecerse de audios.

Así as cousas, urxe que a dirección adopte medidas para rectificar o rumbo da Radio Galega.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a dirección da CRTVG do informe elaborado polos traballadores e traballadoras da Radio Galega? Que pensa facer para corrixir as eivas sinaladas?
- Por que gran parte do contido emitido durante o verán estaba enlatado?



- Por que se prescindiu da organización en equipos e se apostou por unha organización netamente xerárquica e individualizada?
- Que se pensa facer para recuperar a información de proximidade, que foi eliminada xunto coas desconexións locais?
- Por que se implantaron as quendas trimestrais e vez de apostar polas rotacións anuais?
- Vanse cubrir as prazas dos profesionais xubilados e prexubilados?
- Cree a dirección que o aumento dos “colaboradores” en detrimento do persoal fixo contribúe á precarización do emprego na Radio Galega?
- Por que, en moitos casos, cando se producen desprazamentos, non se respectan as 12 horas de descanso entre xornadas laborais?
- A Radio Galega conta cun parque móbil adecuado ás necesidades dos traballadores?
- Vanse desconxelar as dietas?
- Vanse asignar técnicos de son ás delegacións da RG?
- Vaise renovar o software?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/09/2019 18:05:59





Xan Xosé Jove González na data 16/09/2019 18:06:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

A CRTVG o día 2 de agosto de 2019 deu unha noticia propagandística e parcial con respecto ao “ Proxecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia”, de tal maneira que tan só escoitamos ao presidente Feijóo dicir que “esta norma pretende dar garantías os propietarios dos espazos termais que xa existen, promover novas pozas e asegurarlles os usuarios que se compren os requisitos sanitarios.

A lei non afectará os balnearios, que xa teñen a súa propia, senón as pozas que se usan para fins lúdicos. Galicia, destaca o presidente da Xunta, será a primeira comunidade en regular estes espazos. Feijóo resume os seus obxectivos.

O texto da lei, que agora ten que aprobar o Parlamento, marca un ano para que as pozas que xa funcionan regulen a súa situación e fixa os períodos de concesión para o aproveitamento das augas. Se están en terreo de dominio público será de 30 anos”.

Todas as augas son de dominio público. Este é un principio indiscutible. A nova Lei non reconece que todas as augas minerais e termais sexan de dominio público.

Esta é unha Regulación ideada para favorecer aos propietarios privados de balnearios e doutras augas para impedir a competencia e estender a blindaxe xurídica da que gozan actividades distintas vencelladas á saúde, prexudicando o



interese xeral.

Este Proxecto non lles outorga protagonismo nin prevalencia aos Concellos que pretendan aproveitar as augas termais dos municipios, limitando o pretendido desenvolvemento local que xustifica a nova lei, non recoñecendo o seu carácter de Vilas Termais. Este Proxecto de lei resulta privatizador e descaradamente dirixido a favorecer ás empresas privadas.

Entre outras cousas, unha moi grave: A nova lei establece entre as súas finalidades “promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais”. Como é posible que no caso de captacións artificiais de augas termais dentro dos perímetros xa existentes a norma estableza sen vergonza: “corresponde ao titular do balneario o dereito exclusivo a dito aproveitamento lúdico”. Un beneficio ilexítimo a meros titulares privados de autorización de aproveitamento. Vese nidiamente a súa prioridade política de favorecer a empresas afíns en detrimento do interese xeral.

Estamos diante dun caso máis de uso propagandístico por parte do Goberno de Feijóo.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Como é posible que un medio público de comunicación, unha vez máis, non confronte con expertos/as, concellos, asociacións e demais axentes implicados nunha Proposición de lei tan importante?

2.^a) Como é posible que non se entreviste a representantes de Concellos e outras entidades políticas, sociais e universitarias (decano do Campus da Auga de Ourense, por exemplo) e que presentaron alegacións rexeitadas arbitrariamente?



3.^a) Como é posible que non se lle dea voz ás outras forzas políticas que como o Grupo Común da Esquerda presentaremos emenda a totalidade?

4.^a) Como é posible que a CRTVG actúe sen rubor como aparello propagandístico do PP, como se fose un medio privado, apoiando só aos monopolios e ás políticas privatizadoras?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/09/2019 11:15:19

Xan Xosé Jove González na data 19/09/2019 11:15:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a volta da ex-valedora, Milagros Otero, como participante aos faladoiros da Radio Galega.

O xoves 19 de setembro no tempo de Faladoiro do Galicia por Diante, da Radio Galega, volveu incorporarse como participante Milagros Otero, ex-Valedora do Pobo e antiga comentarista.

Otero ocupou a máxima responsabilidade á fronte da Valedoría do Pobo entre 2015 e 2019. A súa saída desta institución veu motivada pola resolución ditada no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación ao nomeamento de María Fraga, sobriña do ex-presidente da Xunta de Galiza e irmá do portavoz do Grupo parlamentario popular, de maneira irregular.

Concretamente o alto tribunal sinalou “desvío de poder” e “arbitrariedade” no nomeamento como xefa de servizo na Valedoría do Pobo da señora Fraga.

O proceder da señora Otero foi absolutamente caciquil mais nos meses posteriores á resolución xudicial negouse a deixar o cargo co apoio do Partido Popular, causando un forte prexuízo sobre unha institución estatutaria que ten entre as súas obrigas velar polos dereitos das galegas e galegos, precisamente, fronte á administración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, parécenos escandaloso e indignante que a radio pública conte entre as persoas que analizan e comentan a actualidade política do país cunha persoa que non só executou prácticas caciquís senón que se negou a asumir as consecuencias dos seus actos –co imprescindible apoio do Partido Popular-- prexudicando gravemente a imaxe dunha institución pública como a Valedoría do Pobo.

Lonxe de admitir o que ficou demostrado xudicialmente e presentar a súa renuncia inmediata para salvagardar a pouca vergoña que lle puidese quedar, a señora Otero decidiu iniciar unha fuxida cara á diante, coa conivencia e amparo do Partido Popular, ensuciando a imaxe da Valedoría do Pobo pero tamén do Parlamento.

A señora Otero quixo bloquear e torpedear os mecanismos parlamentarios para a súa destitución do cargo, de novo co apoio inquebrantábel do Partido Popular.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Por que volveu Milagros Otero aos Faladoiros da Radio Galega? Foi unha decisión da dirección da CRTVG e/ou da radio pública recuperala?

- Cre a Dirección Xeral da CRTVG que unha persoa á que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sinalou como responsábel de “desvío de poder” e “arbitrariedade”; como cacique, pode ocupar un micro na radio pública?

- Cal é a relación da señora Otero coa Radio Galega? Cantos días á semana vai actuar de comentarista e con que contraprestación económica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Parécelle á Dirección Xeral presentábel esta situación?
- Vai seguir contando con ela?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2019 13:23:33

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2019 13:23:42

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2019 13:23:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2019 13:24:03





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2019 13:24:12

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2019 13:24:32



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia aprobou por unanimidade, no Pleno ordinario celebrado o 2 de decembro de 2015, unhas recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos. Estas recomendacións amplían e actualizan as que se aprobaran no mesmo órgano o 26 de outubro de 2010.

O documento sinala que os malos tratos e a violencia contra as mulleres constitúen un atentado contra o dereito á vida, a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas. Trátase de delitos que non se poden presentar como un crime pasional.

No punto IV das recomendacións se sinala a importancia de non confundir o morbo co interese social. Así mesmo no punto VI apúntase o deber de vixiar o uso de testemuñas próximas ao agresor e/ou á vítima. Non todas as testemuñas son igualmente fiables, como tampouco se igualan en interese informativo. Se ben é certo que algúns achegan, outros confunden información con opinión e dilúen o foco do problema con valoracións subxectivas. Cómpre seleccionar testemuñas e testemuños con criterio.

Todo asasinato machista, como o triplo asasinato machista que aconteceu en Valga recentemente, conleva unha cobertura e interese mediático importante. E é necesario que esas informacións cumpran estritamente con esas recomendacións. Non é posible avanzar en igualdade se os propios medios públicos de comunicación dependentes da CRTVG transgreden as súas propias recomendacións.

Caer neste desleixo do cumprimento das recomendacións pode levar a unha revitimización da vítima que debe ser en todo momento evitado. É necesario esixir un tratamento serio, delicado e rigoroso que prime, ante todo, o respecto extremo perante as vítimas.



Como xa ten denunciado o propio colectivo Defende A Galega, as opinións dos veciños non achegan información; entrevistar a familiares do asasino para saber como se senten tampouco achega información, ambas circunstancias que se teñen repetido nestes días de cobertura mediática no entorno das vítimas de Valga.

O propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través dun comunicado lembra o propio día 17, un día despois do crime de Valga, a responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista. Fanse eco da cobertura que se está a dar destes caso e do importante que é non superar os principios da deontoloxía profesional do periodismo. Lembran a conveniencia de non recoller imaxes nin declaracións que atenten contra a intimidade ou a dignidade das vítimas nin das persoas afectadas, xa que engaden dor a unha situación que xa de por si é extremadamente dolorosa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da cobertura realizada no caso do triplo asasinato machista de Valga?
2. Que aportan, informativamente falando, a emisión de entrevistas á veciñanza e aos familiares do asasino?
3. Comparte o comunicado do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia lembrando a responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista?
4. Considera que os medios de comunicación públicos están actuando conforme as recomendacións emitidas?
5. Vai a tomar a CRTVG algún tipo de medida para evitar este tipo de tratamentos informativos?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 19/09/2019 13:39:47

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2019 13:39:59

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2019 13:40:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/09/2019 13:42:15

María Teresa Porritt Lueiro na data 19/09/2019 13:42:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**.

O tratamento informativo que a CRTVG está a facer do triplo asasinato de Valga é morboso e irrespectuoso coa memoria das vítimas. A cobertura converte a noticia nun espectáculo deplorable máis propio dun “reality show” que dun telexornal rigoroso. Por esta razón, Defende a Galega, o Colexio de Xornalistas e o colectivo de Xornalistas Galegas veñen de reivindicar que a corporación pública mude inmediatamente o seu estilo informativo co obxecto de garantir o respecto á dignidade das vítimas e á dor inmensa das persoas da súa contorna.

É inaceptable que os telexornais da televisión pública galega emitan presuntas noticias nas que se recollen unha entrevista a irmá do asasino confeso e as testemuñas das veciñas e dos veciños esnaquizados pola dor. As gravacións carecen de interese informativo e só pretenden apelar ao morbo dos espectadores.

Neste sentido se manifestou o Colexio de Xornalistas nun comunicado emitido o 17 de setembro no que lembra “a necesidade de seguir os mandatos do Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, así como a Declaración de Compostela e o resto de recomendacións específicas para o tratamento das informacións sobre violencia de xénero” que nestes momentos non se están a respectar.

O actual tratamento informativo do crime machista por parte dos medios públicos está a vulnerar, en concreto, o punto 9 do Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, que insta a “respectar o dereito das persoas á súa propia intimidade e



imaxe, especialmente en casos ou acontecementos que xeren situacións de aflición ou dor, evitando a intromisión gratuíta e as especulacións innecesarias sobre os seus sentimentos e circunstancias, especialmente cando as persoas afectadas o expliciten”.

A cobertura do triplo asasinato infrinxe tamén os puntos 6 e 9 da Declaración de Compostela, nos que se demanda “evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–” das noticias de violencia machista e nos que se solicita que se desboten “os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información”.

A CRTVG está a incumprir incluso as recomendacións do seu propio consello de administración sobre o tratamento dos casos de violencia machista, que no seu punto número IV chama a “evitar a confusión entre dereito de información e interese da audiencia con morbo” e esixe “fuxir do sensacionalismo tanto no tratamento do suceso como no seu titular”.

A asociación de Xornalistas Galegas lamenta, así mesmo, que non haxa máis “fontes expertas que contextualicen os feitos e axuden a explicar as causas e as consecuencias da violencia machista”.

Dende o Grupo Común da Esquerda, sumámonos a denuncia do lamentable tratamento informativo que a CRTVG está a facer do triplo asasinato machista de Valga e solicitamos que se adopten medidas para evitar que volva producirse unha cobertura semellante nos medios de comunicación públicos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- Pensa a dirección da CRTVG que o tratamento informativo do triplo asasinato de Valga foi correcta? Non pensa que se cometeron erros e se alimentou o morbo dunha maneira indebida?
- Que interese informativo pensa a CRTVG que ten a emisión da entrevista á irmá do asasino confeso de tres mulleres?
- Que interese informativo pensa que ten a emisión das imaxes das veciñas e dos veciños, consumidos pola dor tralo triplo asasinato machista de Valga? Pensa que o espectador non sería quen de entender a gravidade da violencia contra a muller sen expoñelo ao sufrimento concreto das persoas próximas ás vítimas?
- Que mecanismos vai artellar a CRTVG para garantir o cumprimento do Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, da Declaración de Compostela e das recomendacións do consello de administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos? Por que non se artellaron ata o de agora?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2019 13:31:33





Xan Xosé Jove González na data 20/09/2019 13:31:55



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

